

# O Cine en Galicia

CAPITULO 3



### 3. O CINE EN GALICIA

---

O afán do home por se expresar a traveso de imaxes é de reflectir nelas todo un abano de sentimentos e ideas é case tan antigo como a súa propia presenza sobre a Terra. A pintura, dende Altamira ata algunhas das máis modernas formas de expresión, amosa un esforzo permanente por transmitir idea da realidade en movemento. Logo da invención da fotografía, en 1839, viñeron certos entrementos ópticos ata chegar á invención do kinestospocio, de Edison e o cinematógrafo que, a comezos de 1895, presentan en Lyon os irmáns Lumière.

Xa que logo, o cine, xurdido como medio de entremento, como un espectáculo sen maiores pretensións culturais, nace na Francia de finais do século XIX . Pouco tempo despois chega a España, sendo Galicia unha auténtica pioneira.

#### 3.1 A PRODUCCIÓN DE CINE

Ata mediados dos anos 90, pensábase que a primeira imaxe en movemento tomada por un español cunha cámara Lumière era a coñecida *Saída de misa de doce do Pilar de Zaragoza* e que os operadores pioneiros da cinematografía española foran os Gimeno: Eduardo Gimeno Peromarta e o seu fillo Eduardo Gimeno Correas. Pero novas investigacións<sup>1</sup> viñeron probar que as orixes do cinema español localízanse, cando menos, un ano despois, na Coruña, onde **José Sellier Loup**, un fotógrafo francés<sup>2</sup> -aínda que nacionalizado español- que levaba anos facendo retratos na capital herculina, paralelamente á súa actividade principal filmaba cunha cámara Lumière o paso pola rúa Real do enterro do Xeneral Sánchez Bregua, o 20 de xuño de 1897. Aínda que ben podería ser que *El entierro del general Sánchez Bregua* non fose a primeira película que rodaba Sellier. Nestes anos finais do século XIX, máis que un medio de expresión artística, o cine constituía aínda unha novidade tecnolóxica ligada á fotografía. Anos despois, na mesma cidade, o exhibidor Eduardo Villardefrancos –propietario do Salón París, a primeira sala estábel galega centrada primordialmente na exhibición cinematográfica- presentaría na súa programación unha serie de cintas documentais, na súa meirande parte producidas e rodadas por el mesmo na Coruña (1911-1915).

Xa en 1910, o tamén fotógrafo **José Gil** instálase en Vigo e comeza a facer películas como operador, primeiro para o exhibidor Isidro Pinacho, cunha cámara Gaumont de obxectivo fixo, de madeira, a golpe de manivela e, posteriormente, en 1911, inserta un anuncio na prensa viguesa no que se ofrecía a facer fitas cinematográficas en 24 horas.

**As orixes do cinema español localízanse na Coruña, da man de José Sellier**

Gil é, ademais, o primeiro que pon a funcionar en Galicia unha positivadora de cinema máis ou menos industrial e en 1923 o seu taller contaba con capacidade para positivar 1.000 metros de películas diarios. Malia que xa fixera intentos en 1912, chegando mesmo a organizar unha selección para

un proxecto que se titularía *La Virgen de la Roca*, en 1916 filmou a primeira película de ficción rodada en Galicia e da que se ten noticia. Trátase de “*Miss Ledya*”, unha cinta de 540 metros (20 minutos de duración), que arremedaba os argumentos folletinescos que facían furor na época, con guión e intertítulos do novelista Rafael López de Haro. Os resultados non foron moi brillantes, aínda que cómpre rexistrar nela a primeira aparición cinematográfica de Daniel R. Castelao (no papel dun pastor protestante).

<sup>1</sup> As desenvolvidas por José Luis Castro de Paz e José M<sup>a</sup> Folgar de la Calle, *José Sellier, La Coruña y los orígenes del cine en España*, A Coruña, Vía Láctea Editorial, 1996; e máis Jon Letamendi, *Aportaciones a los orígenes del cine español*, Barcelona, Royal Books, 1996.

<sup>2</sup> Na súa partida de nacemento: Joseph Sellier Loup (Givors, 1850).

Tra-los seus primeiros tres anos de actividade, en 1913, Gil contaba xa cun catálogo de máis de coarenta reportaxes, como *Monumento a Curros Enríquez, costumbres y bailes gallegos, El Ferrocarril de Orense a Vigo, La industria pesquera de Galicia, Manifestación anticlerical, Mondariz* ou *Santiago: la Atenas de Occidente*. Xa neses anos dez, Gil intúe o potencial das imaxes animadas como correspondencia visual entre Galicia e a emigración e unha boa parte das súas filmacións viaxan ata Sudamérica, principalmente a Bos Aires e Montevideo.

É nos primeiros anos vinte cando José Gil crea **Galicia Cinegráfica** (logo dunha anterior tentativa con Fausto Otero, chamada Galicia Films), empresa produtora coa que, ademais, quería retomar o campo da exhibición desenvolvendo un noticiario cinematográfico con miras a rendibilizar o seu importante arquivo visual.

---



---

### Nos primeiros anos vinte José Gil crea Galicia Cinematoráfica

---



---

**Alejandro Pérez Lugín**, personaxe excéntrico, novelista e operador de cine, nado en Madrid e educado en Santiago de Compostela, dirixe coa axuda de Manuel Noriega a versión da súa popular novela *La casa de la Troya*. A película comezaría a rodarse en Galicia no verán de 1924, con produción madrileña e financiamento parcialmente galego. Os operadores son dous dos mellores que traballaban por aquela época en España: Agustín Macasoli e José Gaspar. *La casa de la Troya* non pasa de ser unha comedia de enredo mesturada con imaxes de tarxeta postal, probablemente inferior no seu conxunto á maioría das longametraxes desa índole producidas nesa época, pero contén algúns puntos de interese para os galegos<sup>3</sup>.

A produtora **Vicus Films** xurde en Vigo en 1929 e comeza producindo documentais de curta duración que non achegan demasiadas novidades á filmografía creada durante as anteriores décadas por outras produtoras e operadoras galegas. Tres anos despois da súa creación, Vicus ten un catálogo de máis dunha ducia de reportaxes e un fresco de cinco rolos dedicado a distintas cidades galegas, baixo o título de *Galicia histórico-monumental*. En 1930, Vicus Films produce a rodaxe da primeira –e aínda, en moitos sentidos, enigmática- longametraxe de ficción galega, *La tragedia do Xirobio*, unha comedia dramatizada que mestura as historias dos seriais e o costumismo, contando as desventuras dun empregado de farmacia. A pesar de que Vigo coñeceu pronto o cinema sonoro e os máis importantes cines de Galicia están en proceso de reconversión, *La tragedia del Xirobio* aínda é muda e con intertítulos escritos polo seu director, Xosé Signo, inspirados nunha das pezas do libro *Cousas da vida*, de Castelao<sup>4</sup>.

Os nomes dos pontevedreses **Ramón e Enrique Barreiro** e a **casa Folk** (a produtora que fundan en 1932) ocupan catro anos de intensa produción de documentais na cidade de Pontevedra. Nos inicios da década dos trinta, Barreiro convértese en operador de trinta curtas, algunhas delas sonoras<sup>5</sup>, entre as que figuran dende *Por unha Galicia nova*, un documental de propaganda a prol do Estatuto de Autonomía de Galicia producido para o Partido Galeguista en 1933, ata un *Noticario de Galicia* que aparece cando o *Noticario* de José Gil estrea a súa sétima entrega. Os irmáns Barreiro xa deran que falar uns anos antes, cando, dende 1925, fixeran as súas primeiras probaturas no estudio do coloreado de películas co Cinecromo (unha patente desenvolvida por Enrique), e, en 1927, presentaran a súa primeira mediametraxe comercial, o filme *Pontevedra, cuna de Colón*.

<sup>3</sup> Outras longametraxes da época relacionadas, dun xeito ou doutro, con Galicia foron: *Maruxa* (Henry Vorins, 1923), *La Virgen del Cristal* (Saturno e Manuel Lois Piñeiro, 1925) e *Camión, flor de Galicia* (Rino Lupo, 1926).

<sup>4</sup> Vid. Xosé Nogueira, “La tragedia de Xirobio”, en *Diccionario do cine en Galicia (1896-2000)*, A Coruña, CGAI-Xunta de Galicia, 2001, pp. 363-367.

<sup>5</sup> Vén de recuperarse a primeira delas, *Recibimiento de Vigo al Presidente de la República* (1934).

Chegados os anos da República Española (1931-36), terá lugar unha efervescencia do documental impulsada por tres destacados homes do noso cinema, os tres ourensáns, Antonio Román, Carlos Velo e José Suárez, quen inician por aquela época as súas respectivas carreiras.

Ao rematar a Guerra Civil, e durante máis de vinte anos, **Cesáreo González** vai ser o máis sólido dos produtores españois que, ademais, abrirá mercados a Sudamérica, facendo moitas coproducións e creando un imperio de distribución de películas. Descubriu e tivo baixo contrato moitas das estrelas do cinema español dos anos corenta, cincuenta e sesenta: Amparo Rivelles, Lola Flores, Carmen Sevilla, Sara Montiel, Marisol ou Joselito, entre moitos outros. Dende 1940, fixo máis de cen películas, cunha media de catro ou cinco ao ano. Colocou ao seu arredor todo un clan de galegos, comezando polos irmáns Torrado, Ramón na dirección das películas e Adolfo como argumentista. Utilizou tamén nas súas producións moitos actores do cinema español de orixe galega: Antonio Casal, Fernando Rey e Tomás Ares (Xan das Bolas), entre outros. Tamén fixo do seu irmán Arturo González a súa man dereita e xuntos crearon **Suevia Films**. Algúns dos seus títulos son *Polizón a bordo*, *La pródiga*, *Reina santa*, *La señora de Fátima* ou *Campeones*, unha das primeiras películas sobre o fútbol que se fixo en España, cos xogadores caísmáticos de entón.

O éxito de Suevia Films foi produto de moitos factores, algúns deles apuntados por Félix Fanés<sup>6</sup>: Cesáreo González soubo apostar no momento axeitado pola produción nacional, con películas moi populares, cambiando o patriotismo doutras producións da competencia pola comedia doada, a milagrería e a España folclórica. Cesáreo González foi, ademais, o primeiro en aproveitar aquel tópicos de Galicia como boa paisaxe para facer películas, con xente e con tipos doados de caricaturizar. Galicia abriu con el os seus servizos de estudio de filmación barato para o cinema español<sup>7</sup>.

Pero o xerme do movemento que intentou articular un verdadeiro cine galego localízase no **Club Amateur coruñés**, no cal Díaz Noriega e os novos cineastas que traballaban baixo a súa dirección deron os primeiros pasos a finais dos anos 60. Nos 70 tamén foi pioneiro o colectivo santiagués **Lupa**, encabezado dende a súa creación, en 1971, por unha serie de nomes vinculados dende tempo atrás ao teatro galego, como foron Euloxio Ruibal, Félix Casado ou Roberto Vidal Bodaño<sup>8</sup>.

Naquela época, o cinema presentábase como un elemento para preservar e dar a coñecer o patrimonio cultural galego, baseándose nun discurso audiovisual propio, autóctono, que afundía as súas raíces na plástica galega<sup>9</sup>. Pouco despois de *Lupa* fórmase na Coruña o grupo **Enroba**, impulsado inicialmente por un home formado na canteira de Díaz Noriega, Enrique González Baixeras, ao que se uniron inicialmente Miguel Gato e Xavier Iglesias e, máis adiante, Antonio Simón. A actividade de *Enroba* acaba coa rodaxe de *A tola* (1975), película de 16 mm. que foi secuestrada por parte do Tribunal de Orden Público nas III Xornadas do Cine en Ourense.

Pero o grupo máis activo e o que mobilizou un maior número de xente foi o coruñés **Imaxe** (1973-80), liderado por Carlos Aurelio López Piñeiro. Xa en 1974, tras a rodaxe de *Serán*, unha adaptación libre de *Retorno a Tagem Ata*, un relato de X. L. Méndez Ferrín, vanse incorporando ao grupo unha serie de mozos. Cada un deles asumiu unha faceta técnica, de tal xeito que o grupo Imaxe alcanzou unha estruturación completa. É o momento no que Víctor

<sup>6</sup> Cfr. Fanés, *Cifesa, la antorcha de los éxitos*, Valencia, Institución 'Alfons el Magnànim', 1982, p. 131 e ss.

<sup>7</sup> Suevia produciu en Galicia máis dunha ducia de películas e moitos documentais. Algunhas das longametraxes, de daro éxito comercial, rodadas en Galicia por Suevia foron: *Mar aberto*, *Sabela de Cambados*, *Botón de ancla*, *La casa de la Troya*, *El Pórtico de la Gloria*, *Cotolay*, *Esa mujer*, *En la red de mi canción* ou *En un mundo nuevo*. Despois de que o seu irmán Arturo se establecese pola súa conta, creando Regia Films, en 1968 Cesáreo desfíxose de Suevia, unha produtora que había tres anos que arrastraba problemas económicos. Poucos meses despois, o produtor morre en Vigo.

<sup>8</sup> Ao longo de catro anos, os Lupa chegaron a realizar nove curtametraxes en 8 mm e súper 8: *4x4* (1971), *Mesturanzas* (1972), *Holocausto* (1972), *A rapa das bestas* (1973), *O Corpiño* (1973), *A procesión das mortallas* (1973), *Inqueda volta* (1973), *Berros na cova* (1973) e *Peliqueiros* (1974).

<sup>9</sup> Vid. Xosé Nogueira, *O cine en Galicia*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 1997, pp. 324-325.

Ruppén, unha especie de mecenas e empresario de orixe catalana, entra a apadriñar o grupo, o que supón o paso aos 16 mm con *Illa* (1975), dirixida como as anteriores por López Piñeiro. Mentres tanto, un estudante ourensán de Ciencias da Información, **Eloy Lozano Coello**, comeza a traballar de xeito independente en 1973, ano no que realiza unha curtametraxe en súper 8 titulada *Homúnculo*. Pero será en 1974 cando marque un fito na cinematografía galega coa presentación, coa súa produtora *Praia Lenta Films*, de *Retorno a Tagem Ata*, a primeira película galega rodada en formato profesional de 35 mm, outravolta aproveitando o texto de Ferrín.

Son momentos clave da década dos 70, na que unha parte do cine de Galicia intentaba dar un xiro cara aos grandes formatos buscando unha maior profesionalidade, mentres xurdían proxectos e ideas e facían a súa aparición novos nomes, como Chano Piñeiro con *Os paxaros morren no aire* (1977), Xavier Villaverde con *A semente* (1977), *Un intre na vida de Manuel* (1977), *A rebelión das pulgas* (1978) ou produtores como Víctor Ruppén ou Ismael González. En 1975, xa fóra de Imaxe, Ruppén dá o paso a 35 mm coa produción de *Fendetestas*, filme diñxido e coescrito por Antonio Simón con Miguel Gato, baseándose na novela *O bosque animado*, de Fernández Flórez. A partir de aí e ata 1977, Ruppén producirá –xa sempre en 35 mm– tres títulos máis que, xunto o anterior, forman parte do bloque máis coñecido do incipiente cine galego dos anos setenta: *O herdeiro* (1976, Miguel Gato), *O cadaleito* (1976, Enrique Baixeras, inicialmente en 16 mm) e *O pai de Migueliño* (1977, Miguel Castelo).

No terreo da ficción, continúa destacando a actividade do grupo Imaxe, en formato súper 8, no que Xavier Villaverde filmou *A semente* (1977), *A rebelión das pulgas* (1978) e *Aos meus queridos pais que me están escoitando* (1979), Xosé Manuel Villanueva *Un intre na vida de Manuel* (1978) e Juan Cuesta *Duelo* (1979). O equipo retoma os 16 mm en 1979, con tres proxectos moi distintos entre si: *Circos* (1979, Xavier Villaverde), *A cidade que se nos vai* (1979, Carlos A. López Piñeiro) e *Era unha vez unha fábrica* (1979, Carlos A. López Piñeiro).

Así se chega ata 1980, ano no que se conflúen unha serie de circunstancias que repercutirán posteriormente no futuro da nosa cinematografía. Realízase a primeira longametraxe de produción galega, *Malapata*, dirixida por Carlos A. López Piñeiro, na que participaron os membros do equipo Imaxe e que supón a fusión de distintas contribucións empresariais. A consecuencia do seu escaso éxito foi a inmediata dispersión dos membros do grupo, que se dedicaría en diante a campos distintos no mundo da imaxe e da cultura.

Galicia está por debaixo doutras comunidades históricas en canto ao número de películas realizadas na década dos oitenta e principios dos noventa e en canto a propostas concretas para dotar a súa cinematografía dunha infraestrutura mínima sobre a que poder asentarse a medio e longo prazo. As produtoras que xorden naquel momento en Galicia son de tipo modesto e mesmo familiar, trátase de empresas de capital escaso, con pouca ou nula capacidade para acceder aos mercados interiores e exteriores e, na súa maior parte, dependentes dos recursos alleos, cubrindo o resto do investimento con contribucións privadas e con diferentes apaños dos equipos técnicos e artísticos, tales como créditos privados, traballo sen retribuír ou modelos cooperativos con pequenos desembolsos. Este fenómeno dá lugar a un tipo de produción que pode cualificarse de voluntarista e que repercute forzosamente na calidade final e na súa rendibilidade económica. Ademais, o problema agrávase coa falta de canles e circuitos axeitados para a súa distribución.

---

**As produtoras que  
xorden nos anos 70 en  
Galicia son de tipo  
modesto e case familiar**

---

O movemento cinematográfico galego que se inicia nos anos setenta tivo un alcance limitado no que se refire á súa difusión e explotación que, en contadas ocasións, foi máis alá do marco das xornadas, semanas, encontros ou festivais especializados que se prodigaron naqueles anos, cando non foi visionado por grupos de espectadores

moi concretos localizados en ámbitos universitarios, cineclubistas ou culturais<sup>10</sup>. Trátase dunha produción na súa maior parte de curtametraxes e realizada en formatos non comerciais (súper 8 ou 16 mm), circunstancias que unidas á precariedade dos recursos industriais, aos modelos tomados como referencia e ás súas connotacións políticas e ideolóxicas, condenábana de antemán a unha existencia restrinxida a círculos minoritarios.

### 3.1.1 A produción de longametraxes galegas

O verdadeiro despegue do cine galego prodúcese en 1984. Coa introdución das axudas da administración autonómica á realización de filmes curtos, en anos posteriores xurdirían unha serie de obras en 35 mm que

En 1989 estréanse as primeiras longas galegas en 35mm: *Continental*, *Sempre Xonxa* e *Urxa*

servirían para dar a coñecer cineastas novos, na súa maioría de formación autodidacta, como Chano Piñeiro, Xavier Villaverde, Alfredo García Pinal ou Daniel Domínguez, entre outros.

Era xa moito o camiño andado e só faltaba dar o salto definitivo á longametraxe<sup>11</sup>. As primeiras películas longas en 35 mm, *Sempre Xonxa* (Chano Piñeiro), *Continental* (Xavier Villaverde) e *Urxa* (Alfredo

García Pinal/Carlos A. López Piñeiro), que foron presentadas en novembro de 1989 en Vigo durante a celebración da mostra chamada Cinegalicia<sup>12</sup>, que gozou dunha ampla cobertura publicitaria. Resulta innegable que se tratou no seu momento dun acontecemento histórico para a cinematografía galega. *Urxa* (1989) significou a reaparición como director de longametraxes de Carlos A. López Piñeiro, case 10 anos despois da produción de *Malapata* (1980). A realización de *Sempre Xonxa*, formulada como un triángulo amoroso nunha aldea e a súa evolución ao longo de corenta anos tamén foi atípico, dado que a rodaxe se distribuíu ao longo de ano e medio, respondendo á vontade do director Chano Piñeiro de corresponder as distintas etapas da vida dos personaxes co paso das distintas estacións do ano. Os intereses estéticos que levaron a Xavier Villaverde a realizar *Continental* (1989) conectaban directamente co que ata entón viña desenvolvendo nos seus traballos de vídeo e publicidade. Nesta película, o director apostou por un elenco de importantes intérpretes nos papeis principais, secundados por un bo número de actores e actrices galegos<sup>13</sup>.

No haber de 1991 hai que apuntar unha nova película con subvención da Consellería de Cultura: trátase de *Martes de Carnaval* (Fernando Balauz/Pedro Carvajal, 1991), estreada en Galicia, sen apenas repercusión pública e na que participou en coprodución o coruñés Javier Ozores. Ademais, estréase *El juego de los mensajes invisibles* (Juan Pinzás, 1991), de Atlántico Films na que se trata a vertente sobrenatural a través da convivencia dalgúns personaxes con fantasmas, cos que se intercambian consellos e opinións.

En 1993 prodúcense *Baile de las ánimas* (Pedro Carvajal, 1993) e *Huidos* (Félix Sancho Gracia, 1993), de Sancho Gracia P.C. Pero, sen dúbida, o maior éxito de venda directa lógrase con *Tirano Banderas* (José Luís García Sánchez, 1993), produción de nacionalidade hispano-cubana rodada na Habana e na que a produtora galega Luz Directa presenta unha pequena participación en réxime de coprodución.

O ano seguinte a produtora Sun Lúa embárcase na preparación da rodaxe de *Dáme lume* (Héctor Carré, 1994), para o que conta con Vici Produccións para poñer en pé unha historia escrita polo propio director, que se formulou como un *thriller*. *A metade da vida* (Raul Veiga, 1994) é a historia dun triángulo amoroso entre un músico, un

<sup>10</sup> X. Nogueira, *Op. Cit.*, 1997, pp. 328-331.

<sup>11</sup> *La gran comedia* (1986) foi a primeira longametraxe comercial de Juan Pinzás con Pilar Sueiro, producida por Atlántico Films.

<sup>12</sup> Os 3 filmes tiñan maioría de apoio económico da Consellería de Cultura e conseguirían derrubar outro dos grandes obstáculos históricos: o acceso aos circuitos comerciais estandarizados.

<sup>13</sup> Entre eles estaban Marisa Paredes, Cristina Marcos, Fedor Atkine, Jorge Sanz, Marisa Souto, Monica Garcia, Elina Luaces, Manuel Areoso, Antonio Simón, Manquña, Morris,...



amigo del e a compañeira deste último. Baseada nun conto de Xosé Luís Méndez Ferrín, foi producida por Fenda Films.

Un ano mais tarde fílmase *La ley de la frontera* (Adolfo Aristarain, 1995), unha produción galego-arxentina na que participa Adai Films. En 1996, estréase *La Moños* (Mireia Ros, 1996) de Adai Films e *Bailando con todos*, rodada integramente e Barcelona<sup>14</sup>.

O 1997 foi un bo ano para o cinema galego en canto a número de producións: longametraxes como *Dáme algo* (Hector Carré, 1997) de Sun Lúa e Benxamín P.C., rodada en Galicia; *Inés de Portugal* (de Televisión de Galicia e Continental Producciones entre outras), coproducida con Portugal; *A noiva da medianoite* (Antonio Simón, 1997) de Encuadre Producciones de Cine e Televisión de Galicia, primeira longametraxe cinematográfica de Antonio Simón que desenvolve un guión escrito para Luis Buñuel<sup>15</sup>, que o cineasta aragonés non chegou a dirixir e que non gozou de boa acollida polo público ou *Un buen novio* (Chus Delgado), de Adai Films con outras produtoras españolas. *Nena* (Xavier Bermúdez, 1997) de Xamalú Films e Televisión de Galicia, e baseada nun relato do novelista ruso Ivan Turgueniev, que recrea a figura de Lolita.

O ano 1998 supón a plena consolidación do sector cinematográfico galego, a xulgar polo número de longametraxes, un total de cinco, producidas por empresas galegas. *Frontera Sur* (Gerardo Herrero, 1998) de Continental Producciones é unha coprodución galego-arxentina que recrea o mundo da emigración galega a Bos Aires. *Cando el mundo acabe, te seguiré amando* (Pilar Sueiro, 1998<sup>16</sup>) é un drama romántico de Atlántico Films. *Fisterra, onde remata o mundo* (Xavier Villaverde, 1998) é a segunda longametraxe deste director, producida por Continental Producciones e Tornasol e interpretada por Nancho Novo, Elena Anaya, Enrique Alcides ou Chete Lera, entre outros. *Blanca Madison* (Carlos Amil, 1998), de Vici Producciones e Adai Films e protagonizada por Rosa María Sardà, Javier Albalá, Pilar Punzano e Mario Gas, non foi estreada ata 2003 nas salas comerciais de exhibición por falta de distribuidora<sup>17</sup>. *Arde amor* (Raúl Veiga, 1998) de Fenda Filmes, que non se estreou ata 2001, contou coas interpretacións de Chete Lera, Rosana Pastor, Sergi López e María Bouzas.

*Cando volvas ó meu lado* (Gracia Querejeta, 1999) contou coa produción asociada de Continental Producciones e narra a historia de tres imás que, despois dalgún tempo sen verse, se reúnen de novo arredor da nai que acaba de morrer. Cuerda dirixiu este mesmo ano a película baseada nos relatos do escritor Manuel Rivas, *A lingua das bolboretas* (José Luís Cuerda, 1999) e producida por Las Producciones del Escorpión, Sogecine e o Grupo Voz, coa colaboración da Televisión de Galicia, e que está ambientada na primavera de 1936 nunha vila galega<sup>18</sup>.

*Sei quen es* (Patricia Ferreira, 2000)<sup>19</sup>, coproducida por Continental Producciones, recrea a historia dunha psiquiatra namorada do seu traballo que, cando chega a ocupar a súa praza nun hospital remoto de Galicia, atopa un paciente moi especial<sup>20</sup>. A longametraxe *Érase outra vez* (Juan Pinzás, 2000), a primeira película Dogma do cinema español, foi producida por Pilar Sueiro para Atlántico Films, coa participación de Televisión de Galicia. *Divertimento* (José García Hernández, 2000), coproducida por Formato Producciones e pola Televisión de Galicia, entre outras, foi rodada no Teatro Jove de Ferrol, e narra a historia dun popular actor de televisión, encarnado por Federico Lupi, que está inseguro do seu talento. Francisco Rabal, un lendario actor, proponse un

<sup>14</sup> E na que o modisto galego Adolfo Domínguez foi produtor.

<sup>15</sup> Polo galego José Rubira Barcia.

<sup>16</sup> Ópera prima da primeira muller directora galega.

<sup>17</sup> O filme participou na sección oficial de longametraxes do VI Festival Internacional de Cine Independente de Ourense.

<sup>18</sup> O filme participou no Festival de Sundance, celebrado en Utah (Estados Unidos) e no Festival Internacional de Cine de Miami, en senllas edicións do 2000. Na convocatoria dos premios Goya do 2000, o filme fíxose coa figura ao mellor guión adaptado.

<sup>19</sup> Ópera prima da directora.

<sup>20</sup> A película gañou na edición do 2001 o premio Goya á mellor música orixinal e foi a primeira produción galega que conseguiu concorrer aos premios en tres categorías: mellor dirección novel, mellor actor protagonista e mellor banda sonora.

reto para probar a súa categoría. A figura de Castelao, o pensador galego máis destacado do século XX, serve de fío conductor para coñecer Galicia desde comezos de século ata 1951, ano da morte do líder galeguista. Mediante a voz de toda unha miríada de persoas que o coñeceron persoalmente, na longametraxe documental **Castelao e os irmáns da liberdade** (2000) móstrase cómo era o Castelao real e como era percibida a súa figura polos seus coetáneos.

**O bosque animado** (Manolo Gómez e Ángel de la Cruz, 2001) de Dygra Films, coproducida por Megatrix e distribuída por Buenavista Internacional Spain, foi a primeira película europea de animación en 3D e está baseada na obra de Wenceslao Fernández Flórez. O xurado da Academia Española Cinematográfica decidiu outorgarlle un Goya na categoría de mellor longametraxe de animación e outro Goya na categoría de mellor canción, dous galardóns que converten este filme na segunda produción galega en conseguir un Goya e a primeira en conseguir dúas figuras<sup>21</sup>. **Lena** (Gonzalo Tapia, 2001), coproducida por Filmanova narra a historia dunha adolescente envolta nunha rede criminal de Vigo por salvar o seu pai e está protagonizada por Marta Larralde e Manuel Manquiña. Off Films produciu **Belas dormentes** (Eloy Lozano, 2001), unha misteriosa historia arredor do desexo, baseada na novela do premio Nobel xaponés Yasunari Kawataba<sup>22</sup>.

**El misterio Galíndez** (Gerardo Herrero, 2002) é unha película coproducida por Continental Producciones que combina feitos reais e ficción, personaxes vivos e mortos, para debuxar e denunciar a estratexia estadounidense de apoio ás ditaduras latinoamericanas e os seus crimes. **O alquimista impaciente** (Patricia Ferreira, 2002), baseado na novela homónima de Lorenzo Silva e producido por Continental Producciones, TVG, Tornasol Films e Cartel, conta coa participación de actores galegos como Santi Prego, Antonio Mourellos, María Bouzas ou Carlos Blanco. O cineasta Juan Pinzás obtivo de novo o certificado oficial Dogma 95 para a súa película **Días de voda** (Juan Pinzás, 2002), un filme producido por Pilar Sueiro para Atlántico Films e que foi estreado coa peculiaridade de que se ofreceu nos cines españois en versión en galega, pero subtítulado ao castelán. A multipremiada **Os luns ó sol** (Fernando León de Aranoa, 2002), producida por Elías Querejeta PC, en coprodución con Quo Vadis (Francia) e Eyescreen (Italia), con Continental Producciones e MediaPro como produtoras asociadas, é un retrato colectivo dun grupo de amigos unidos por unha circunstancia común: o paro e a imposibilidade de atopar un traballo digno<sup>23</sup>.

Por outro lado, Filmax, presidida polo galego afincado en Cataluña Julio Fernández, que se consolidou como unha das distribuidoras de cinema e vídeo independentes máis importantes do país, comezou a interesarse pola produción, primeiro con participacións minoritarias e máis tarde asumindo o papel de produtora. A finais dos noventa creou unha filial específica para esta actividade, Castelao Productions e, dentro desta, puxo en marcha o selo Fantastic Factory de cinema fantástico e de terror. É precisamente neste xénero que Filmax produciu **Dagón, la secta del mar** (Stuart Gordon, 2002), unha película rodada en Combarro e que contou coa participación de Paco Rabal na repartición. **Machín, toda unha vida** (Nuria Villazán, 2002) é unha visión actual da vida artística e persoal do cantante afrocubano Antonio Machín, que contou coa participación da Televisión de Galicia. A difusión das imaxes nas que o asesor presidencial peruano, Vladimiro Montesinos, subornaba altos cargos do país, que provocaron un conflito político que acabou coa caída do réxime de Fujimori, foron o pano de fondo no que se

<sup>21</sup> O filme estivo presente en numerosos festivais internacionais, como Siggraph 2001 nos Ánxeles, Festival Internacional de Animación de Amecy (Francia), 3 D Festival de Copenhague, A Mostra de Valencia, Cartoon Movie de Berlín, Fantasporto (Portugal), Festival de Animación de Bruxelas, Future Filme Festival de Bolonia ou Festival de Cinema i TV Celta de Quimper, entre outros.

<sup>22</sup> Que supón a estrea de Lozano como director de longametraxes, tras unha ampla traxectoria curtametraxista.

<sup>23</sup> Este filme, rodado en Vigo e Pontevedra, gañou a Cuncha de Ouro á mellor película na L Edición do Festival Internacional de Cine de San Sebastián.



moverán *Ollos que non ven* (Francisco Lombardi, 2002), a última película do realizador peruano Francisco Lombardi e na que traballou a produtora coruñesa Aldea Films<sup>24</sup>.

### 3.1.1.1 A produción cinematográfica nos últimos anos

Catro directores galegos tiveron a oportunidade de se asomar á pantalla grande no 2003, aínda que con diferente resultado comercial. Xunto ao xa veterano Xabier Villaverde con *Trece badaladas*, estrearon os debutantes Ignacio Vilar con *Ilegal*, Antón Reixa con *O lapis do carpinteiro* e Carlos Amil con *Blanca Madison*. Os filmes de Reixa e Villaverde incorporaron ao audiovisual dous escritores representativos da literatura contemporánea galega: Manuel Rivas e Suso de Toro. Xa no 2004 realizadores como Jorge Coira con *O ano da carracha*, Hector Carré con *A promesa*, Xavier Bermúdez con *León e Olvido*, Margarita Ledo con *Santa Liberdade*, Jorge Algora con *Camino de Santiago: el origen* e Ignacio Vilar con *Un bosque de música* estreron as suas longametraxes, as tres últimas en formato documental.

Partindo dunha idea que deu como resultado dous narracións diferentes, a novela de suso de Toro e a longametraxe coproducida por Continental Producciones, Castelao Producións e Televisión de Galicia, *Trece badaladas* (Xabier Villaverde, 2002) presenta a historia dun novo escultor que volve a Santiago —a súa cidade natal— despois de quince anos de ausencia ao descubrir que a súa nai, á que cría morta, está en realidade enferma e internada nun psiquiátrico. O filme é interpretado por Juan Diego Botto, Marta Etura, Rosa Alvarez e Luís Tosar, entre outros.

Luis Tosar, Tristán Ulloa e María Adán participaron na versión cinematográfica da novela de Manuel Rivas, *O lapis do carpinteiro* (Antón Reixa, 2002). Nela, os protagonistas viven o seu amor en tempos de loita: el sobrevive no cárcere grazas á forza da imaxinación e da palabra, e dende fóra, ela pelexa por devolverlle a liberdade. Trátase dunha produción de Morena Films, Filmanova e Sogecine.

A comezos do ano seguinte estreouse *Ilegal* (Ignacio Vilar, 2003), a primeira longametraxe do director producida por Vía Láctea Films, que presenta a historia dun documentalista que leva un tempo en Marrocos tratando de realizar un documental sobre o tráfico de inmigrantes ilegais cara a Europa e que contou coas interpretacións de Monti Castiñeiras, Pepo Suevos, Santi Prego, Carlos Blanco, Chete Lera e Camila Bossa, entre outros.

*O agasallo de Silvia* (Dionisio Pérez, 2003) longametraxe producida por Lorelei Producións, narra a historia dunha adolescente que tomou a decisión máis crucial da súa vida, suicidarse, pero antes de facelo deixa claro nun vídeo-diario o desexo de doar os seus órganos. Trátase da primeira película do director e rodada en alta definición, e estivo protagonizada por Bárbara Goenaga, o lucense Luís Tosar, Víctor Clavijo e Adriana Domínguez.

Cómpre mencionar a produción en Galicia de *Hotel Danubio* (A. Giménez Rico, 2003), que contou co apoio loxístico da Consellería de Cultura a través da Film Commission de Galicia. Despois do seu paso por Santiago de Compostela, no que se ambientaron diversas escenas desta película, o equipo técnico desprazouse ata Pontevedra e Tui.

Tras máis de tres anos e medio de dedicación, cun novo equipo de recoñecido talento, integrado por máis de 800 persoas, faise realidade *El Cid, a lenda* (José Pozo, 2003), un filme de animación producido por Filmax Animation que non chega aos 10 millóns de euros de orzamento e que foi froito da combinación das técnicas 2D e 3D, esta última desenvolvida polo estudio Bren Entertainment do Grupo Filmax. Neste mesmo ano, Filmax Animation

<sup>24</sup> A película gravouse en formato de alta definición curha cámara de cinema dixital da produtora galega, que achegou ademais dous actores galegos á produción e que se encargou do proceso de posprodución.

estreu tamén **P3K: Pinocho 3000** (Daniel Robichaud, 2003), que recrea o mítico conto de Carlo Collodi arredor da historia dun pequeno robot creado por Gepetto, coa personalidade dun neno de carne e óso.

A casualidade, a ironía da vida e a ambición son o tema de fondo de **Descongélate** (Dunia Ayaso e Félix Sabroso, 2003), unha comedia negra producida por el Deseo coa participación de Filmanova Invest e dirixida e escrita por Félix Sabroso e Dunia Ayaso. Outra das estreos do bienio corresponde a **A vida que che espera** (Manuel Gutiérrez Aragón, 2003) unha película producida por Tornasol Films, Continental Producciones e Televisión de Galicia que trata un drama rural ambientado no Val do Pas, onde a vida é sinxela e tranquila ata que a disputa entre os seus dous veciños por unha vaca remata en traxedia. No elenco de actores figuran Luis Tosar, Marta Etura e Celso Bugallo.

Tamén se teñen achegado directores e produtores galegos á longametraxe documental, aínda que non faltaron xentes de fóra que fan a súa aportación dende Galicia. Tal é o caso de Laurence Boulting, director que colaborou con Kubrick ou Loach, entre outros, que presentou en Santiago o seu documental **Tres en el camino** (2003). Boulting conta con tres peregrinos, moi distintos, que realizaron o camiño en tres estacións, o que lle achega un simbolismo patente á fita. A película foi producida por CTV, Televisión de Galicia, Filmanova e Filmanova Invest. Por outra parte, e seguindo co tema do Camiño de Santiago, nunha aldea de montaña situada nalgún lugar de Francia, no século XIII, vive Mathieu, un mozo interesado polo coñecemento que oiu falar da existencia dun camiño que conduce a Compostela, onde se di que descansa o Apóstolo Santiago. Este é o punto de partida do documental **Camino de Santiago: El origen** (2004), dirixido por Jorge Álgora y producido por Adivina Producciones.

As empresas galegas Nos Productora Cinematográfica Galega e Filmanova foron os produtores da longametraxe documental **Santa Liberdade** (2004), dirixida por Margarida Ledo. En xaneiro de 1961, un grupo de exiliados antifascistas españois e portugueses baixo as siglas DRIL secuestran o transatlántico de luxo *Santa María* nas Antillas Menores.

Inspirada nun argumento do escritor Alfredo Conde<sup>25</sup>, a película **Romasanta, a caza da besta** (Paco Plaza, 2004) producida pola Fantastic Factory do grupo Filmax baséase na historia real de Manuel Blanco Romasanta, o vendedor ambulante que confesou matar trece persoas e utilizar a súa graxa para facer xabón e que foi xulgado en Allariz en 1852 e evitou a condena a morte alegando que, en realidade, era un lobishome. **El principio de Arquímedes** (Gerardo Herrero, 2004) é un filme de Tornasol, coproducido por Milou Films que conta a historia dunha alta executiva do mundo da moda que apenas ten tempo para dedicar ao seu fillo e ao seu marido e dunha veciña e amiga, que pese a estar moi ben preparada profesionalmente, non tivo sorte e sempre realizou traballos eventuais. Outra película na que participou a produtora coruñesa é **Seres queridos**<sup>26</sup> (Teresa de Pelegrí e Dominic Harari, 2004) que, en clave de comedia, presenta o conflito árabe-israelí, a través dunha familia xudía madrileña cuxa filla maior bota un mozo palestino, ao que leva a cear.

**A promesa** (Héctor Carre, 2004) está protagonizada por Carmen Maura, Ana Fernández, Evaristo Calvo, Julio Lago e Luísa Mérelas e foi producida por Tesela PC e Pórtico de Comunicación. Nela, Gregoria ten unha imaxinación sen límite que lle fai ter unha visión alterada de realidade que lle fai interpretar cada feito coma un sinal, un camiño novo á esperanza.

<sup>25</sup> Tataraneto dun forense que declarou no verdadeiro xuízo.

<sup>26</sup> Una coproducción de Tornasol Films, Greenpoint Productions (Reino Unido), Patagonik Film Group (Argentina) e Madragoa Produção de Filmes (Portugal), en asociación con UK Film Council.

Baseada en feitos reais, *Mar adentro* (Alejandro Amenábar, 2004) narra a historia de Ramón Sampedro, un home tetraplético que durante 25 anos loitou para conseguir unha morte digna e cuxo caso desencadeou un gran debate social. Coproducido por Sogecine, Himenóptero e Lucky Red (Italia), o filme contou coa colaboración financeira de Filmanova Invest. A través dun acordo entre esta e os produtores do filme, Televisión de Galicia adquiriu os dereitos de emisión televisiva en lingua galega<sup>27</sup>.

As produtoras galegas Filmanova e LugoPress (pertencente ao grupo editor do diario *El Progreso*), produciron *O ano da carracha* (Jorge Coira, 2004), unha comedia sobre o mundo dos mozos que supón o debut como longametraxista do director. Trátase dunha comedia xuvenil que se caracteriza polo sarcasmo e as referencias xeracionais á cultura de televisión, cinema e rock, cuxo argumento xira arredor dun mozo que, tras rematar a carreira, se converte en aprendiz dun “parasito” social que nunca traballou.

Música e natureza fúndense na longametraxe documental sobre Luar na lubre —un dos grupos galegos con máis proxección internacional—, producida por Vía Láctea Films, *Un bosque de música* (2004). Tomando como fio condutor os ensaios do grupo para o novo disco, na película faise un percorrido sobre a vida e a obra dos distintos membros do grupo. Para a filmación do documental, o seu director, Ignacio Vilar, traballou especialmente na elección de escenarios que puidesen transmitir en imaxes a espiritualidade que provoca a música de Luar na lubre. A película foi estreada o 24 de marzo no Lincoln Center de Nova York.

O director de *Nena* presentou a súa nova película *León e Olvido* (Xavier Bermúdez, 2004) protagonizada por Guillem Jiménez, Marta Larralde, Nerea Barros, Gary Piquer e Laura Ponte. O filme recrea a historia de dous irmáns xemelgos e orfos. León ten síndrome de Down e Olvido, cuxas relacións sentimentais non van nada ben, ten que deixar os estudos e poñerse a traballar. León pretende acaparar as atencións da súa irmá.

O filme *Para que non me esquezas* (Patricia Ferreira, 2004), que constitúe a terceira película da directora, está producido por Continental Producciones, cun guión elaborado por Virginia Yagüe e a propia directora. Trátase dun drama que conta como a morte dun mozo nun accidente obriga os seus seres queridos a enfrontarse non ao seu doloroso recordo, senón a todos aqueles que quedaron tras a súa memoria. Danlles vida aos protagonistas o veterano Fernando Fernán Gómez, Emma Vilarasau, Marta Etura e Roger Coma, e acompañanos na repartición outros intérpretes, como Víctor Mosquera ou Mónica García.

A produtora galega Filmanova uniuse á alemá Moneypenny Films para producir a película *Un día en Europa (Galatasaray-Depor)* (Hannes Stöhr, 2005). O filme, unha produción de Moneypenny Filmproduktion en coproducción con Filmanova, Filmanova Invest, ZDF Arte e Televisión de Galicia, é unha traxicomedia formada por catro episodios independentes que pretenden ofrecer unha visión xeral dunha Europa marcada pola pluralidade lingüística, a unidade monetaria, a interrelación cultural e os diferentes modos de vida europeos. O actor galego Miguel de Lira protagonizará o segmento da película que sucede en Santiago de Compostela e que xa foi rodado no verán do 2004, facendo o papel dun curioso policía municipal<sup>28</sup>. Filmanova, a través da sociedade do grupo destinada a investimento en cine, Filmanova Invest, coproduciu en Arxentina nos últimos meses *No sos vos, soy yo* (Juan Taratuto, 2005), unha película que conta en clave de comedia o que lle pasa a un adolescente tardío para converterse nun home. Por outro lado, a produtora galega, a través de Filmanova Invest coproduciu en

<sup>27</sup> Ademais, parte do *casting* de *Mar adentro* está formado por varios actores galegos, entre os que cabe salientar as interpretacións de Mabel Rivera, no papel de cunhada de Ramón Sampedro; Celso Bugallo, Marta Larralde e o novo descubrimento Tamar Novas, no papel do sobriño de Sampedro. Por outro lado, gran parte dos exteriores de *Mar adentro* foron rodados en Ribeira e na Coruña. Galicia tamén está presente na banda sonora de *Mar adentro*, xa que ademais da xa coñecida versión do tema *Negra sombra*, cantada por Luz Casal, o gaiteiro Carlos Núñez participa noutros fragmentos da banda sonora, composta polo director Amenábar.

<sup>28</sup> Trátase dunha produción de Moneypenny Filmproduktion, en coprodución con Filmanova, Filmanova Invest e Televisión de Galicia, co apoio da Consellería de Comunicación Social e Turismo, German Federal Filmboard, Programa Media Plus, Filmboard Berlin Branderberg, Filmstiftung NRW, a distribuidora Piffli Medien e o programa Eurimages.

Arxentina *Beba y Dora: cama adentro* (Jorge Gaggero, 2005), en España estreada baixo o título de **Señora Beba** e premiada no Sundance Film Festival, con mención especial do xurado e protagonizada por Norma Aleandro, Marcos Mundstok e a debutante Norma Argentina.

**Promedio rojo** (Nicolás López, 2005) é unha coprodución chileno-española, que conta coa participación de Aldea Films e Amiguetes Entertainment, presentouse en decembro do 2004 no Festival Internacional de Cine Fantástico de Sitges, tras estrear en Chile, lugar do que procede o seu director<sup>29</sup>.

Longametraxes (co) producidas polas produtoras galegas (1986-2005).	
Produtora	Total
Televisión de Galicia	37
Filmanova	13
Continental Producciones	10
Atlántico Films	5
Adai Films	3
Xamalú Films	2
Milou Films	2
Vía Lactea Films	2
Filmix Animation	2
Vici Produccións	2
Fenda Films	2
Sun Lua	2
Lugopress	1
CTV	1
Nos, Productora Cinematográfica Galega	1
Adivina Producciones	1
Telecable	1
Aldea Films	1
Lorelei Producciones	1
Ignacio Benedetti Cinema	1
Off Films	1
Dygra Films	1
Formato Producciones	1
Voz Audiovisual	1
Xavier Villaverde	1
Outros	10
<b>Total</b>	<b>108</b>

Fonte: Elaboración propia

A película sobre a vida da presidenta da asociación antidroga Érguete titulada **Heroína** (Gerardo Herrero 2005) foi protagonizada por Adriana Ozores, Javier Pereira, Carlos Blanco, María Bouzas e Mercedes Castro. Esta produción de Continental Producciones e Tornasol Films, que conta con guión de Ángeles González Sinde, está inspirada na vida de Carmen Avendaño, que loitou contra a dependencia á droga do seu fillo e contra as bandas de narcotraficantes que dominaron as rías galegas na década dos oitenta, creando a asociación Érguete.


En Alcalá de Henares rodouse **Un rey en la Habana** (Alexis Valdés, 2005), a película en cuxa produción participou Continental Producciones, xunto con Iroko Films e que se estreou a finais de maio. Trátase dunha comedia romántica de mentiras compulsivas con repartición integrada por Alexis Valdés, Carmen Machi e Manuel

<sup>29</sup> A cinta, que se encontra na actualidade buscando distribuidora en España, é unha comedia de instituto, protagonizada por Ariel Levy e a española Xenia Tostado, na que o seu protagonista, un mozo *frank* afeccionado aos cómics, asiste perplexo á volta que dá a súa vida cando Cristina chega ao seu colexio.

Manquiña, entre outros. É a fábula duns tramposos trampeados, unha comedia de superviventes que se aferran á vida.

A longametraxe de animación de Dygra Films **O soño dunha noite de San Xoan** (Ángel de la Cruz y Manuel Gómez, 2005), preestreada o día de San Xoan do 2005, recrea libremente o clásico de William Shakespeare *El sueño de una noche de verano*, transportándoo ao mundo tradicional da Galicia mítica. A película narra a historia de Elena, resolta e intelixente filla de Teseo, un gobernante idealista e soñador en exceso, obsesionado coa construción de estraños edificios.

Xan Leira presentou no Museo de Arte Contemporáneo de Vigo a súa película documental sobre a emigración titulada **Viceversa, non me chames estranxeiro** (2005). Éste sae á luz despois de dous intensos anos de traballo seguindo o desenvolvemento migratorio entre dous países referenciais ao respecto: Arxentina e Galicia/España. **Lorenzo Varela**, elixido pola Real Academia Galega para conmemorar a celebración das Letras Galegas 2005, é o protagonista doutra longametraxe de Xan Leira, que a partir dun guión propio, gravou en Galicia, Madrid, Montevideo e Bos Aires, localidades vitais do escritor. O filme foi producido por Acuarela Comunicación.



Como se aprecia no gráfico adxunto, as participacións ata xullo de 2005 das empresas galegas en produción de longametraxes ascenderon a 108, se ben algunhas delas limitáanse en moitos casos á compra de dereitos de emisión en galego, como é o caso da Televisión de Galicia, sin que iso implique a participación de equipos galegos nin persoal da empresa. Ademais, é posible comprobar como o ritmo de participación destas empresas incrementouse a partir da segunda metade da década dos anos noventa, chegando á cifra de 27 no ano 2004.

### As participacións das empresas galegas en produción de cine ascenderon a 108

Manolo González, que foi director da Escola de Imaxe e Son de Coruña durante o período transcorrido entre 1990 e 1998, é o padriño dunha nova xeración de realizadores do cine galego, liderada por Jorge Coira, que en abril de 2004 estreou no Festival de Málaga a súa ópera prima, *O ano da carracha*. Virginia Curiá, Tomás Conde, Sandra Sánchez, Beatriz del Monte, Paco Cuesta, Jorge Coira, Chema Gagino ou Xosé Zapata forman o que deu en chamarse a Xeración Escola de Imaxe e Son da Coruña, a do relevo que tardou en chegar. No informe Audiovisual Galego 2003 conclúese que a idade media dos directores galegos que estrearon no bienio



2001-2002 era enton de 42 anos, un dato peculiar se se ten en conta que seis das producións foron ópera prima. É destacable a ausencia entre os títulos estreados de directores menores de 30 anos, segundo salienta Jaime Pena, director de programación do CGAI. E é que houbo unha falta de confianza nos realizadores novos e por iso non se produciu a desexable renovación xeracional no cine galego.

Ademais, cabe subliñar que mentres moitas das empresas audiovisuais encárganlle a dirección ou realización de boa parte dos seus traballos (longametraxes, *TV movies*, series, etc.) a cineastas de fóra de Galicia, un bo número de novos creadores audiovisuais galegos triúnfan coas súas propostas polo mundo adiante. A idade media dos directores galegos de longametraxes (Antón Reixa, Xabier Villaverde, Carlos Amil, Eloy Lozano, Antonio Simón, Ignacio Vilar, Juan Pinzás...) está arredor dos 50 anos, o que os sitúa por riba da media española.

**Destaca a ausencia de directores menores de 30 anos entre os títulos estreados**

<b>Datos promedio das películas con participación galega estreadas a partir de outubro de 1998.</b>	
Indicador	Promedio
Duración da rodaxe (días)	94
Tempo transcurrido desde a finalización da rodaxe hasta a estrea comercial	341
Presuposto da película (euros)	2.585.524
Copias distribuídas en castelán (Número)	81
Copias distribuídas en galego (Número)	3
Total de copias (Número)	77
Participación galega na película (%)	48,51%

Fonte: Elaboración propia

O coste medio das películas producidas desde o ano 2000 (inclúense tres producións anteriores) e das que se conta con datos de presuposto foi de 2.585.524 euros, e 2.173.609 eliminando aquelas películas de coste superior aos 10 millóns de euros. Esta cifras están por debaixo dos 2.882.974 euros promedio dos presupostos das longametraxes españolas estreadas desde o 2000 (sen considerar as de custo por riba dos 10 millóns, e considerando tanto as producións como as coproducións).

Por outro lado, a duración media en días das rodaxes destas producións foi de 13,45 semanas, e o tempo transcurrido entre o final da rodaxe e o estreno da película ascendeu a 341 días (49,75 semanas), que en algúns casos foi consecuencia da falta de distribuidora que comercializara a produción.

Ademais, do total de longametraxes producidos ou coproducidos por empresas galegas desde 1989, en 13 deles a figura do produtor e a do director coinciden, e en 32 o par é director-guionista. Indo mais aló, en 7 destes longametraxes dase a combinación guionista-director-produtor, que é algo mais frecuente en aquelas películas onde a participación galega é maior.

### **3.1.1.2 Proxectos de longametraxes en curso**

Varias son as longametraxes nas que as empresas galegas están a traballar na actualidade e que verán a luz a finais de 2005 ou a principios de 2006.

A última longametraxe que recibirá o certificado Dogma en España rodouse en Santiago de Compostela. Trátase de **O desenlace**, dirixida por Juan Pinzás e producida por Atlántico Films, e coa que se pecha a triloxía iniciada

con *Érase outra vez*. O filme está protagonizado por José Sancho, Javier Gurruchaga, Carlos Bardem e os galegos Miguel Insua e Isabel de Toro<sup>30</sup>.

**Cargo**, un thriller psicolóxico con capital galego (*Vaca Films*), español, británico e sueco, foi escrito por Paul Laverty —guionista habitual de Ken Loach— e dirixido por Clive Gordon. O filme rodouse no porto de Barcelona e nel participan Luís Tosar, Carlos Blanco e Daniel Bruhl.

A produtora Filmnova asinou un acordo coa danesa Zentropa, fundada polo prestixioso cineasta Lars Von Trier, para coproducir dúas películas nos próximos anos. O primeiro proxecto conxunto será **Hotel Tivoli**, producida por Filmanova Invest en coprodución con Animatografo II (Portugal), Zentropa (Dinamarca), Aquafilms (Argentina), o goberno da provincia de San Luis (Argentina) e coa participación de Televisión de Galicia. *Hotel Tivoli (Light me*

---



---

### Varias son as longametraxes nas que as empresas galegas están a traballar e que verán a luz a finais de 2005 ou a principios de 2006

---



---

*fire*) recrea unha historia de historias seguindo o aleatorio itinerario dun chisqueiro que vai sendo extraviado polos seus ocasionais posuidores en diferentes lugares do mundo, todas co denominador común das relacións de parella e a aparición de personaxes portadores de relatos insólitos. É a segunda longametraxe como director de Antón Reixa con guión de Xosé Morais, Carlos Portela e o propio Reixa, e iniciou a súa rodaxe a finais de maio do 2005. A produtora asinou tamén un acordo de coprodución con Monoria

Films, para participar na biopic **Camarón, un mito** que comezou a rodarse en marzo de 2005 en localizacións de Madrid, Cádiz, París e Nova Iorque. Ademais do investimento financeiro, Filmanova exerceu funcións de coprodución executiva no proxecto. A película, primeira produción cinematográfica sobre a vida do cartador, con guión de Álvaro del Amo e Jaime Chávarri, conta coa participación de TVE e Telemadrid e será distribuída por Buenavista International.

A produtora Continental Producciones estivo de rodaxe ata finais de xullo en localizacións de Madrid e Zahara de los Atunes, en Cádiz. Trátase da película **Los aires difíciles**, dirixida por Gerardo Herrero e na que participan a produtora galega, a madrileña Tornasol Films e a sevillana Maestranza Films. A cinta ten como tema a vida dun home duns corenta anos que acaba de recomezar a súa vida, xunto coa súa sobriña e o seu irmán deficiente, tras ser eles tres os únicos superviventes dun naufraxio. O guión da película foi escrito por Ángeles González Sinde e Alberto Macías e no reparto participan Jose Luis García, Cuca Escribano e Carmen Elías. A produtora galega avanza tamén no seu proxecto **Abrígate**, unha coprodución hispano-arxentina que se filmará en Betanzos e Bos Aires, baixo a dirección de Ramón Costafreda e no que participarán actores e técnicos galegos, españois e arxentinos, con guión de Fernando Castets (*El hijo de la novia*) e baixo a dirección de Ramón Costafreda. Outro proxecto no que están a traballar nesta compañía é outra longametraxe de Xavier Villaverde, baixo o título de **O sexo dos anxos**, unha historia dun triángulo amoroso en torno ao tema da identidade sexual.

A produtora Adivina Producciones deu o salto á produción de longametraxes con **Un franco, catorce pesetas**, para o que confiou o proxecto ao propio guionista e protagonista, o actor Carlos Iglesias. A historia estase rodando en Madrid e Suíza e ten como tema principal a emigración. O filme narra a historia dunha familia española emigrada en Suíza entre 1960 e 1966, e na súa produción participan, xunto a Adivina, a produtora madrileña Drive Cine. Por outro lado, **El niño de barro** comenará a súa rodaxe en outubro do 2005 baixo a dirección de Jorge Algora. O guión da película está baseado nunha historia real recollida polo director hai dous anos en Bos

<sup>30</sup> Trátase do terceiro filme *Dogma* do cinema español con diploma oficial outorgado polo fundador deste movemento de vangarda, o cineasta danés Lars von Trier.

Aires e consiste nunha trama psicolóxica e policial sobre un asasino de nenos. Na produción participan Just Films e General Video Productions, coa distribución a cargo de Filmax.

Da man de Patagonik Film Group de Arxentina e Filmax Animation, chega **El ratón Pérez**, o mítico ratonciño dos dentes, a través dunha longametraxe que integra dixitalmente actores e escenarios reais con animación 3D. O filme, dirixido por Juan Pablo Buscarini e producido por Pablo Bossi, sobre un orixinal de Enrique Cortes, conta coa interpretación da actriz colombiana Ana María Orozco, coñecida pola súa intervención na telenovela *Bety la fea*, e por suposto, o protagonista desta historia: o ratón Pérez, que será xenerado enteiramente por animación 3D e integrado dixitalmente cos actores e escenarios reais. A película, que tra-la súa rodaxe vai necesitar dun extenso proceso de posprodución, ten data de estreno prevista en España para marzo de 2006.

O actor Luís Tosar, gañador de dous premios Goya, protagonizará no verán do 2005 a rodaxe de **Conversas co vento**, coproducida por Ficción Producciones e a TVG, entre outras e dirixida polo catalán Mariano Barroso, que se vai rodar nas rías de Arousa, Muros e Noia e na Costa da Morte.

A longametraxe **Mia Sarah**, escrita por Gustavo Ron e Edmon Roch, verá a luz da man de Formato Producciones e Filmax. Esta comedia romántica conta a historia de Samuel, un adolescente que leva tres anos sen saír da súa casa por un trauma da infancia, e que se atopa con Gabriel, o seu eventual profesor particular que lle vai axudar a saír desa situación.

O director Isidro Ortiz estivo rodando en Galicia para a produtora Vaca Films, en coprodución con Lotus Films e Televisión de Galicia, a película **Somme, o que soña**, na que interveñen os galegos Nancho Novo, Chete Lera e Uxía Blanco, xunto con Goya Toledo e Óscar Jaenada.

**Akki, o que veu da auga**, unha produción de Vía Láctea Filmes, trata a historia dunha bióloga e un adolescente case salvaxe que se enfrontan a unha empresa multinacional responsable da balsa de estériles mineiros que contamina o río.

**Residencial Caribe**, cuxo guión é obra do escritor cubano Héctor Quintero, é unha comedia coral de enredo que interpretan Pepe Sancho e Jordi Vilches e a cubana Broselinda Hernández. Gravarase en alta definición é unha coprodución entre a empresa galega Directo de Información y Divulgación<sup>31</sup> e Casen Producciones, xunto ao ICAIC cubano.

Por outro lado, **Los muertos van de prisa** é a primeira incursión no cinema de imaxe real da produtora Dygra Film, unha longametraxe no que pretende recrear unha comedia moi no estilo das irlandesas. Para este novo proxecto, Dygra conta co apoio das produtoras Buenavista, Artemática e Televisión de Galicia. Nel intervirán Luis Tosar, Chete Lera e Candela Pena, e conta cun orzamento de 1.935 euros.

A Fraga Maldita e Libre Producións coproducen a longametraxe de ficción **Tres cuartos de hora**, un relato coral sobre o azar e o tempo. Cáceres, Madrid e A Fonsagrada son os escenarios nos que se rodará a película coa que a produtora galega se estrea na longametraxe.

Uma Uma Producciones, xunto ás madrileñas Odessa Films e Euphoria producciones, están actualmente traballando nunha comedia de aventuras baseada nos avatares da vida de **Don Rodrigo**, un aventureiro galego no século IX. A película aséntase sobre un guión orixinal de Alex Valle, Juan de Oliveira e Santiago Calderón.

Pero tamén son varios os proxectos en marcha de novas longametraxes documentais. **La casa de mi abuela** é unha película da empresa galega IB Benedeti, a alacantina Videogenic e a catalá Salto de eje, pensada para a súa

<sup>31</sup> Que, deste xeito, debuta na longametraxe.

distribución en cines, que retrata de forma poética a relación de amor-odio que se desenvolve entre unha señora e a súa neta, que pasa con ela boa parte do día nunha vella casa da poboación alacantina de San Vicente<sup>32</sup>. A produtora galega Anxo Fernández Producciones, rodou en decembro do 2004 unha longametraxe-documental, *El país de nomeacuerdo*, aínda pendente dunha semana de rodaxe en España. Esta produción, auspiciada pola Secretaría de Cultura e polo Goberno da cidade de Bos Aires, é un documental basicamente onírico a cabalo entre o conto de fadas clásico e un espectáculo musical. Protagonizado por Arturo Bonín e con Juan Leyrado como narrador, conta ademais con Macelo Rodríguez no papel de monoloxuista e Héctor Alterio, Miguel Ángel Solá ou Raul Alfonsín como entrevistados.

### 3.1.2 A produción de curtas en Galicia

**José Enrique Díaz Noriega** é considerado por moitos o pai da historia moderna do cine galego. A súa curtametraxe *Cine amateur* (1965), que conseguiu o premio á Mellor curtametraxe amateur do Festival de Cannes dese ano, e gañou en innumerables festivais internacionais, é sen dúbida un fito pioneiro do noso audiovisual. Díaz Noriega foi ademais mestre da xove xeración de cineastas desde Miguel Castelo a Xavier Villaverde.

**José Enrique Díaz  
Noriega é un dos pais  
da historia moderna do  
cine galego**

Outro dos antecedentes da produción cinematográfica e en vídeo en Galicia cabería situalo no chamado **Equipo 64**, que aparece como tal nese ano, se ben a súa formulación é algo anterior. Nace da confluencia do Grupo Amateur de Cine (GAC) e algúns directivos do cineclub do SEU da Universidade de Santiago de Compostela<sup>33</sup>. De 3 dos compoñentes do cineclub, xunto con Enrique Banet do GAC, xorde o Equipo 64. As persoas que forman este grupo teñen en común o interese que mostran polo cinema nun ámbito teórico (crítica, visión de películas, lecturas, etc.). O primeiro paso adoptado polos seus integrantes é a realización dun guión sobre o Mestre Mateo, titulado *Pórtico de Compostela*, pero a súa realización posponse, debido a que o Ministerio de Información e Turismo convoca un concurso nacional de documentais sobre o Ano Santo Compostelán, polo que o Equipo 64 decide aproveitar esta conxuntura e escribir outro guión, titulado *El Camino de Santiago*, para presentalo ao concurso. Concluído este documental, o seguinte proxecto é traducir en imaxes o primeiro guión, aproveitando nesta ocasión un concurso convocado por Televisión Española. *Malpica* é o terceiro documental rodado por este equipo, cunha duración de 25 minutos, e pertence a unha serie titulada *Así é Galicia*. As causas da desaparición deste grupo son múltiples, dende problemas persoais a problemas de índole económica. Ademais, as expectativas que puxeran na Televisión Española fracasan, xa que a cadea, que ata entón compraba material de produción allea e que lle ofrecera ao Equipo 64 mercarlle as súas películas, cambiou de idea e transformouse en produtora propia.

Posteriormente, grupos de cineastas afeccionados como **Lupa**, **Enroba** ou **Imaxe** foron, na década dos anos 70, o elemento aglutinante de inquietudes próximas no ámbito audiovisual, como nexo de unión e ademais como vía de produción das primeiras curtas galegas. Nelas, malia os enormes problemas infraestruturais existentes, os autores intentaron reflectir do xeito máis digno posible as principais preocupacións que os movían, das que a primordial foi o desenvolvemento de formas de expresión, de comunicación coa poboación galega, partindo dunha atención preferente á cultura tradicional, ás raíces.

<sup>32</sup> O outro elemento fundamental da historia é un vello casarío onde se desenvolve a maior parte da acción e que, ao final da cinta, acaba derruído.

<sup>33</sup> O primeiro destes aparece na Facultade de Farmacia de Santiago de Compostela nos primeiros anos da década dos sesenta e agrupa unha serie de mozos: Enrique Banet, Jaime Cobreros, Pedro Bañados, etc., que realizaran algunhas curtametraxes en 8 mm. O cineclub do SEU, aparecido en 1961, converteuse enseguida nun dos focos culturais máis importantes composteláns, da man de directivos como Ezequiel Méndez, Gonzalo Anaya ou Federico Pomar.

Estes colectivos de afeccionados, segundo sinala o profesor Hueso Montón<sup>34</sup>, aspiraban a que as súas películas tivesen certa difusión e se vinculasen ao que se podería chamar o cinema case-comercial. Non obstante, a súa principal singularidade deriva dunha serie de trazos que os define de xeito claro: estruturación en diferentes grupos con certa singularidade, o seu desexo de ter continuidade no seu traballo, a aspiración por vinculalo en maior ou menor grao ás formulacións ideolóxicas da época e a consideración deste labor como un camiño e unha afirmación progresiva dentro do mundo profesional da imaxe. No seo destes grupos de afeccionados aparecen personaxes como Carlos A. López Piñeiro, Xavier Villaverde, Carlos Amil, Hector Carré, Miguel Gato ou Antonio Simón, Miguel Castelo, Manuel Abad ou Alfredo García Pinal, os futuros directores do cine profesional en Galicia.

1980 foi o ano no que o fracaso de *Malpata* (última produción do equipo Imaxe) abriu un período de transición no ambiente cinematográfico que se prolongou ata a metade da década. Sumido nesta crise de identidade, o cine galego paraliza practicamente a súa produción, agás no caso dunhas curtametraxes rodadas en 16 mm, que rompen coa atonía xeral. Trátase de *Pensión completa* (1981), de Juan Cuesta, *Tacón* (1982), de Xavier Villaverde e *Refrexos* (1982), de Carlos Amil, e os traballos illados de Lorenzo Velayos no terreo experimental, que desenvolveu en 16 mm *Jacobeo* (1980) e *Ulises* (1983), pero todos eles pasan practicamente desapercibidos para o público.

Déronse nestes momentos dúas excepcións na asolada paisaxe da produción galega: por un lado, na Coruña, José Luís Defez Schmidt, madrileño afincado na cidade, funda en 1980 a produtora Bowerlay, que realizou entre 1981 e 1984 numerosas curtametraxes de carácter científico en 35 mm, como *Insectos* (1982), *Cerca de los girasoles* (1983), *Mariquita en el país de las maravillas electrónicas* (1984), *La danza de las alas* (1984), *Hormigas* (1984) e *Cuñaditas de las arañas* (1984); mentres, en Vigo, Juan Pinzás<sup>35</sup> e Pilar Sueiro sacaban adiante 20 curtametraxes de ficción, logo de fundar a súa propia produtora, Atlántico Films aproveitando as favorecedoras normas ministeriais que por entón estaban vixentes, con títulos como *Augurio* (1981), *Cien puntos para Julián Pintos* (1981), *Homo Hominis Opus I* (1981), *Añoranzas* (1982), *Juego decisivo* (1982), *Hechizo* (1982), *El rito* (1982), *Carmín* (1983), *La tercera mujer* (1983) ou *Muñeca azul* (1983).

En decembro de 1984, froito da nova política de subvencións da Administración autonómica coa chegada de Luís Álvarez Pousa á Dirección Xeral de Cultura<sup>36</sup>, estréanse unha serie de curtametraxes en 35 mm que foron vistas como unha continuación das películas que nos anos 70 permitiran comezar a falar dun cine esencialmente galego. Foron *Embarque* (1984), de Carlos A. López Piñeiro, *Morrer no mar* (1984), de Alfredo García Pinal, *O segredo* (1984), de Uxía Blanco e Daniel Rodríguez, *Sons e voces na noite* (1984), de Juan Cuesta e a moi recoñecida *Mamasunción* (1984), de Chano Piñeiro, que obtivo varios premios nos festivais internacionais aos que concorreu e acompañouna o éxito nas súas proxeccións por Galicia.

Ao ano seguinte, foron catro as curtametraxes que gozaron de subvencións: *E decímolo ou non decímolo* (1985), de Manuel Yáñez, *Só para nenos* (1985), de Milagros Bará, *Río de sombras* (1986), de Daniel Domínguez e *Noa e Xoana* (1986), de Luisa Peláez.

En 1986, o Concello de Vigo concédelle unha subvención a Chano Piñeiro para a produción dunha curtametraxe na que se enfocaban os problemas do alcoholismo a través da visión dun neno. Trátase de *Esperanza* (1987).

A mediados de 1987, a Consellería de Cultura da Xunta, tras unha paréntese de dous anos, provocada pola marcha de Álvarez Pousa, coa chegada de Manuel Moreira Matalobos, o novo director xeral designado polo

<sup>34</sup> Hueso Montón, A. L. (1996) "Anos de efervescencia política". En *Historia do cinema en Galicia*. Coordinado por José Luís Castro. Editorial Vía Láctea.

<sup>35</sup> Pinzás acreditaba unha longa traxectoria como curtametraxista que comezara nos anos 70 en formatos non profesionais.

<sup>36</sup> Álvarez Pousa, xornalista, moito antes da súa etapa na política institucional, foi un dos grandes activistas do cinema galego.



conselleiro V́ictora V́azquez Portomeñe, volve convocar axudas á produción cinematográfica. No terreo das curtametraxes producíronse *Pórtico da Gloria*, *Amar está máis lonxe*, *O dedo*, *Vila Verde* e *O tesouro de Pedro Xesto*, este último posteriormente incluído na longametraxe *Urxa* de Carlos A. López Piñeiro e Alfredo G. Pinal.

Corresponden á colleita de 1989 a mediometraxe *Lembrando a Xelmírez*, de Rafael de la Cueva e as curtas *O resplandor da morte*, de Milagros Bará ou *Hardo*, de Manuel Abad, nas que tamén se implicaría a Televisión de Galicia.

A principios dos 90 continúan as axudas da Xunta de Galicia á produción audiovisual, froito das cales xorde, entre outras, a mediometraxe *Macana de dote, che* (1991), de Miguel Castelo e a curta *O desexo* (1992), do mesmo autor, *Un café de ollos verdes* (1992), de Antonio Simón, *O caso das galiñas aforcadas* (1991), de Miguel Gato, *Contar* (1994), de Manuel Abad ou *Entrevista* (1993), de Eloy Lozano. Cómpre facer mención da última obra de Chano Piñeiro, a mediometraxe *O camiño das estrelas* (1993), un encargo da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia producida por S. A. de Xestión do Plan Xacobeo 93, que puxo á disposición do cineasta uns medios impresionantes<sup>37</sup>. O obxectivo era realizar un filme promocional que lles ofrecese unha visión panorámica de Galicia aos peregrinos, e que se estreou no auditorio do Monte do Gozo (Santiago de Compostela). Pouco despois da estrea, morre o realizador vigués, sen dúbida un dos nomes senlleiros do audiovisual galego.

Tamén nos primeiros anos noventa ten lugar a posta en marcha de varios proxectos que se revelarán esenciais para o devir do noso audiovisual: a creación da Escola de Imaxe e Son (EIS) e do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) –ambos en 1991- e mais a fundación da Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI) en 1994. Polo demais, en 1994 a Escola de Imaxe e Son da Coruña lograba superar a súa principal limitación, o traballo exclusivo en vídeo, coa sinatura dun convenio co Concello da Coruña que posibilitou a realización dunha serie de curtametraxes entre 1994 e 1997 nas que a cidade tiña que ser protagonista. O proxecto recibiu o nome de *A Coruña... de cine*<sup>38</sup>. As realizacións premiadas na primeira convocatoria foron *A repesca* (1995), de Sandra Sánchez; *A gran liquidación* (1995), de Jorge Coira; *A Coruña imposible* (1995), de Paco Rañal, e *La sangre del enemigo* (1995), de Miguel Calderón.

A conclusión máis importante desta iniciativa é que aparece unha nova xeración de creadores e de equipos cunha boa cualificación profesional, o que se deixa notar no alto nivel de realización dos seus filmes. Estas características perduran na seguinte convocatoria de 1996, aínda que neste caso os autores escollidos optasen por proxectos máis experimentais, como sucede en *La vida es un dolor* (1996), de Lúis Liste; *Recuerdos de un amante neurótico* (1996), de Cheché Carmona; *Cuba libre* (1996), de José Lúis Ducid, e por último, *Mátame unos cuantos* (1996), de Alber Ponte, un dos máis prolíficos curtametraxistas galegos quen, fóra do seo da EIS, deu a luz a varias curtametraxes producidas pola súa empresa Sierra Madre Producciones, e entre as que figuran *Cual dos extraños* (1991), *Cidito lindo* (1992), *Atlántico Express* (1993), *Vete, Davis* (1993) ou *Qué le pasó a mi Johnny* (1994).

Outra excepción á regra das subvencións é José Carlos Soler, un realizador que iniciou a súa actividade cinematográfica no seo do grupo Tornabón, creado en 1986 por varios estudantes da rama de imaxe da Facultade de Ciencias da Información de Madrid. A mediados da década dos 90 estaban a desenvolver unha obra moi persoal, destinada á adaptación de 13 contos baseados na literatura popular europea que conformarían a serie *Contos de ALENTRAIA*, entre os que se atopan *O párroco enganado* (1993) e *Tornabón* (1994).

<sup>37</sup> 200 millóns de pesetas para un filme de 34 minutos.

<sup>38</sup> A selección –4 propostas por quenda– efectúase mediante a convocatoria dun concurso de guións cinematográficos de curta duración dirixido a mozos de entre 18 e 35 anos. As condicións para os premiados eran de 40 minutos de material virxe para a filmación en super 16 mm, que posteriormente se pasaría a 35 mm, unha duración de 10 minutos que debe ser plasmada nunha semana de rodaxe como máximo, con 5 días para a edición, 3 para a gravación de son e 3 máis para a sonorización e o axuste.

En canto ás producións subvencionadas pola Administración, unha das máis interesantes foi *O milagre da carne* (1994) de Javier Codesal. Destaca, así mesmo, *A todo tren* (1995) de Lidia Mosquera, unha comedia realizada con son directo.

En 1996, ano no que a *Televisión de Galicia* celebraba o seu décimo aniversario, decide abordar a produción dunha serie de historias cinematográficas que debían ter a televisión ou o televisor como motivo da ficción. Esta iniciativa, chamada *25 en 24*, deu como resultado tres curtametraxes: *Grande de Cuba* (1996), de Beatriz del Monte, *Sitcom Show* (1996), de Ángel de la Cruz e *Televapor* (1996), de Ricardo Llovo e Francisco Carcallás.

Así mesmo, a Xunta de Galicia convoca o certame *Tramas da rede multimedia*, que deu lugar a 4 ficcións centradas no mundo das comunicacións: *Paranoia dixital* (1996), de Ángel de la Cruz, *¿De dónde llamas?* (1996), de David Breijo, *Afonía* (1996), de Chema Gago e *The end* (1996), de Carlos Alberto Alonso.

Estas iniciativas contaron coa estreita colaboración da Escola de Imaxe e Son da Coruña, que facilitou unha boa parte das infraestruturas e coordinou as producións. Naquel momento, tamén as universidades de Santiago de Compostela e da Coruña entraron a apoiar proxectos. A primeira faíno con *¡Apróba!* (1995), de Alfonso Arauza, mentres que a segunda impulsou a realización de curtas dende o seu Club de Cine e Vídeo Universitario, como é o caso de *La fiesta y otras aventuras de Pío* (1994) e *Sin motivo aparente* (1995), as dúas de Eduardo Gabín.

### **3.1.2.1 A produción de curtas nos últimos anos**

Das producións de curtametraxes de finais dos anos 90 compre mencionar *The last patrol* (1999), dirixida por Cora Peña e producida por Odi Media, Galivisión, Fussion, Global S. Coop., Antares e a EISV, un musical bélico en inglés subtítulado ao castelán e *O río ten mans* (2000), de Beatriz del Monte, que foi a gran triunfadora dos premios Agapi 2000<sup>39</sup>

No ano 2002, realizáronse un total de seis curtametraxes na comunidade galega dentro do Programa **Facendo Cine en Galicia**, que puxo en marcha a Consellería de Cultura, Comunicación e Turismo da Xunta de Galicia para a promoción da actividade cinematográfica entre os novos produtores galegos de entre 18 e 35 anos. Estes podían solicitar o uso de equipos de vídeo dixital para os seus proxectos, que tiñan que ser realizados integramente en Galicia<sup>40</sup>.

*Hipotálamo* (2002) é a primeira curtametraxe de Fran Estévez. *Ciclo* (2002, *Filmanova*) foi rodada en alta definición e dirixida por David e Tristán Ulloa. *El barbero ciego* (2002), dirixida por Alber Ponte, protagonizárona Luís Tosar e Luís Zahera<sup>41</sup>.

*As louras prefírenos cabaleiros* (2003), de Alex Sampayo, baixo a produción de Vaca Films, constitúe unha pequena homenaxe a Marilyn e ao cine clásico dos anos cincuenta en forma de drama romántico, que foi protagonizado por María Esteve e Miguel de Lira.

O proxecto **Curtas** nace co obxectivo de promover e difundir anualmente, dentro e fóra de Galicia, a produción de curtametraxes galegas. O Consorcio Audiovisual de Galicia considera conveniente arbitrar unha vía que permita a promoción das curtametraxes cinematográficas de ficción e animación mediante a concesión de axudas á

<sup>39</sup> Mellor curta, Mellor guión, Mellor dirección de fotografía, Mellor dirección artística e Mellor montaxe, ademais do premio á mellor interpretación masculina no Festival de Cine de Alcalá de Henares (Aline 31) para Santi Prego, e da participación na Sección Oficial de Curtametraxes da XLVI Semana Internacional de Cine de Valladolid (Seminci 2001).

<sup>40</sup> Presentáronse un total de 25 solicitudes para optar ás axudas do exercicio 2002 do programa, que ascenden a 180.000 euros aproximadamente. Entre todos eles, a Consellería de Cultura elixiu seis proxectos: *En qué consiste la vida*, de Sergio Vázquez; *Ya*, de Anxo Fernández; *O deb*, de Ánxel Nino; *Tartaruga*, de Alex Sampayo; *O doce*, de María Isabel Bilbao e Diana Araújo; e *O partido*, de Denis Horro e José Antonio Moure.

<sup>41</sup> Esta curta logrou o premio ao mellor actor *ex aequo* e mención guión na VI Mostra de Curtametraxes Mataró 2002, o premio ao mellor actor (Luís Tosar) e premio especial ao director na IV Mostra Vila de Noia 2002, Premio The Crypts á mellor curta fantástica e terror no XXVIII Festival Internacional Filmets de Barcelona 2002, premio exit del público no Curt Ficcions 2003 e segundo premio á mellor curta nos premios Siroco 2003.

promoción e divulgación, tanto no eido nacional coma internacional, das curtametraxes cinematográficas realizadas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

En xuño do 2003, estreouse a curta de Arturo Calvo, **Todavía una canción de amor (una historia de rock and roll)**, que conta no seu cadro protagonista con Luis Tosar, Fran Grela, Alberto Tomé e Mario Roldán. **Di algo** foi dirixida por Luís Deltell e producida por Lorelei Produccións. Do mesmo ano son **Ipsa facto**, **O derradeiro grolo**<sup>42</sup> e **Minas**.

Á colleita de curtas de 2004 corresponden **Metamorfosis** 76, dirixida por Fran Estévez e producida por Producciones Hipotálamo e Producciones Vigo; **La petición de mano**, un filme que conta cun guión de Anxos Sumai e de Tonhito de Poi, que adaptaron a obra homónima de Antón Chéjov a Galicia; **Tiempos de espera**; **La buena caligrafía**<sup>43</sup>, de Alex Sampayo; **Un berro no silencio**, de Alicia Conhas para a EISV; **Lobos**, de Daniel de la Torre,<sup>44</sup>; **Toxic percebe**, unha comedia producida por Licor Kafé Films, a EISV e Area Master e dirixida por Xavier Jácome e Martín Fiallega; **Despertar en París**, de Os films da píntega; **La sociedad del espectáculo** (2004), de Jesús Pérez Vázquez e María Xosé Costa Valiño, unha resposta escrito-audiovisual a dúas presentacións dos realizadores: a instrumentalización do retrato e a adaptación do ensaio homónimo do situacionista francés Guy Debord.

Curtametraxes seleccionadas no programa Curtas do Consorcio Audiovisual de Galicia		
2005	2004	2003
Catálogo	Catálogo	Catálogo II
<i>Redondeo</i> (Alex Sampaio)	<i>Minotaurimaquia</i> (J.P. Etcheverry)	<i>A Subela</i> (Luis Avilés)
<i>La buena caligrafía</i> (A. Sampaio)	<i>Minas</i> (Dani de la Torre)	<i>Meigallos, sombras e papas de arroz</i> (T. Conde e V. Curiá)
<i>Lobos</i> (Dani de la Torre)	<i>La valiente</i> (Isabel Ayguavives)	<i>Taxia</i> (David Robles)
<i>Máxima pena</i> (Juanjo Gimenez)	<i>A teoría do espello</i> (Pedro Corredoira Alonso)	<i>Cicb</i> (David e Tristán Ulloa)
<i>Rosas</i> (J.L. Márquez & M.Fuentes)	<i>Notamotof</i> (Rubén Coca)	Catálogo I
		<i>A escola das areas</i> (T. Conde e V. Curiá)
		<i>Di algo</i> (Luis Deltell)
		<i>Bobo Furcia</i> (A. Sampayo e Pekas)
		<i>O trasto</i> (Rafael Calvo)
		<i>As loiras os prefiren cabaleiros</i> (A. Sampayo)
		<i>Los Crebinsky</i> (Enrique Otero)
		<i>Trofeo</i> (Emilio José Alvarez)

Fonte: Elaboración propia.

Xa en 2005 estreouse **Como foi o conto**, dirixido e producido por Alberte Pagán. O mesmo ano viron a luz unha curta de Lorelei Producciones **La teoría del espejo** (2004); **Mártires**, de Xosé Zapata para IB Cinema<sup>45</sup>; **Outro día máis**, de Luque Mathews, rodada no barrio de Caranza en Ferrol; **Panta Rei (todo flue)**, dirixida por Simón Casal de Miguel; **A canción de Fomerlín**, de Producciones Hipotálamo.

<sup>42</sup> Esta curta, logo do triunfo nas terras ourensás, foi galardoada co premio á mellor curta polo xurado dos premios Mestre Mateo 2003.

<sup>43</sup> Tras triunfar no Festival de Noia, onde conseguiu os premios do público e á mellor actriz.

<sup>44</sup> A curta gañou o premio do público no IX Festival de Cine Independente de Ourense.

<sup>45</sup> Para a rodaxe de **Mártires** contouse cun guindaste especialmente concebido para o seu uso audiovisual, co que se rodaron determinadas secuencias de acción, no que interviñeron varios vehículos nun despregue sen precedentes no sector da curtametraxe nacional.

Tamén son de 2005 **Chicken Gun: con pollos y a lo loco**, unha ficción realizada polos alumnos da Escola de Imaxe e Son de Vigo, coa colaboración de Coren<sup>46</sup>; **Rosas**, de Mr Misto Films protagonizada por Isabel Blanco, Fei Manzano ou Pepo Suevos; e **Galiza**, de Pachi Baranda e Manuel Nanín.

**Máxima pena** é o proxecto de primeira curtametraxe en formato CinemaScope de IB Cinema, dirixido polo experto realizador catalán Juanjo Gimenez, que explota ó máximo as posibilidades do formato anamórfico. Guionistas, directores, actores, actrices e realizadores, entre outras profesións do sector, traballaron para ofrecer **Hai que botalos**, un proxecto audiovisual que ofrece 25 curtametraxes que fai un percorrido moi crítico polo país de cara ás eleccións autonómicas de 2005 e que está promovida por Burla Negra e A Fraga Maldita<sup>47</sup>.

O fenés Carlos Alberto Alonso, que estreou en 2002 *As Muxicas*, está preparando a súa próxima curta, **Belladona**, para o que terá que contar de novo coa produtora catalá Grup Cinema Art&CECC, un traballo no que participarán Celso Bugallo, Fely Manzano e Matilde Blanco, ademais de novos actores da escena galega.

Dúas iniciativas destacan na difusión das curtametraxes galegas: Cortosionismo: todo cabe nunha curta, que levou á Coruña a proxección dunha vintena de traballos e a primeira sesión de ON&OFF Rede de curtas, proxecto conxunto entre Mr. Misto Films e Fundación AISGE. Durante unha semana, os cines Os Rosales da Coruña proxeccionaron unha vintena de curtametraxes na oitava edición de Curt Ficcions Helmo Cineplex, que leva por título **Cortosionismo: todo cabe nunha curta**, que por primeira vez chega a Galicia. Tras un longo camiño, que tivo o seu punto de partida en Barcelona hai oito anos, no 2005 Curt Ficcions levou a súa terceira edición a Madrid e aterrou en dúas novas cidades, Vitoria e A Coruña<sup>48</sup>. Por outra parte, a sede da Sociedade de Xestión de Artistas e Intérpretes acolleu en Compostela a sesión inaugural de **On&Off Rede de curtas**, un proxecto conxunto entre Mr. Misto Films e a Fundación AISGE, para dar a coñecer o mundo das curtametraxes a través de citas de carácter mensual.

Dentro do plan de promoción da curtametraxe, o Consorcio Audiovisual de Galicia asinaba a mediados do 2005 un convenio con Yelmo Cineplex para que se poidan ver na gran pantalla os traballos que forman parte do catálogo Curtas 04.

### 3.1.3 A importancia económica da produción cinematográfica

Na actualidade pódense establecer catro grandes bloques de produción cinematográfica no mundo, non estritamente nacionais: o cinema americano (hexemónico e que admite marxinalmente no seu seo as propostas do cinema independente que só acadan recoñecemento en Europa), o cinema indio (para autoconsumo exclusivamente, algo só posible pola gran cantidade de poboación de India), o cinema europeo (necesariamente transnacional) e o cinema latinoamericano (moi incipiente e que se trata de abrir camiño entre Europa e o mercado latino estadounidense). Galicia inscríbese de cheo no cinema europeo.

Durante o 2003, producíronse nos 25 países da Unión Europea 752 longametraxes, unha cifra que supón un incremento de 25 filmes (+3%), respecto dos 727 que se produciron en 2002, segundo un informe do Observatorio Europeo do Audiovisual. Esta mesma fonte estima que en 2004 producíronse ó redor de 764 películas longas entre

<sup>46</sup> Os efectos especiais correrán a cargo do profesor Ricardo Spencer que, hoxe por hoxe, é o único especialista en efectos especiais de Galicia, e traballou en boa parte das producións galegas dos últimos anos.

<sup>47</sup> Escritores como Manolo Rivas, Séchu Sende, Rosa Aneiros, Suso de Toro, os actores e actrices Mabel Rivera, Luís Tosar ou Miguel de Lira, e Margarita Ledo, Ricardo Llovo ou Xosé Zapata como realizadores forman parte deste proxecto.

<sup>48</sup> Na edición deste ano 2005, Curt Ficcions Yelmo Cineplex quixo darlle un impulso definitivo á presenza da curta antes da proxección dunha película nas pantallas de cine.

os 25 estados. En particular, o sector español mostrou un positivo dinamismo cun total de 92 filmes integramente nacionais, 24 mais que no 2003.

Galicia fai a súa contribución á produción cinematográfica española a traveso de unha serie de compañías produtoras de distinto tamaño, estrutura e plantexamento empresarial, que foron xurdindo a partir dos anos 80 do pasado século.

A historia de **Continental Producciones** remóntase a 1982, cando aparecen as primeiras producións no audiovisual galego, baixo a marca Xavier Villaverde Asociados. Durante aquela década sucédense fundamentalmente traballos de videocreación, videoclips e publicidade. Posteriormente, xa en 1989, ten lugar a rodaxe da primeira longametraxe que lle dará nome á futura empresa, **Continental**, dirixida por Xavier Villaverde. Constituída formalmente en 1990, desenvolve unha actividade cinematográfica ininterrumpida, cun volume de produción que crece cos anos e potenciando os seus departamentos de desenvolvemento e marketing, ata consolidar un catálogo que a sitúa nunha posición de primeira orde no estado<sup>49</sup>. Para levalo adiante, o ano 2002 Continental realiza unha ampliación de capital a partir da que conta no seu accionariado cos máis sólidos inversores financeiros galegos: os grupos Rosp Corunna e R.E.F.F., así como as sociedades Gescaixa Galicia (a través do seu fondo Invercaixa Galicia FCR) e Xesgalicia (a través do seu fondoEmprende)<sup>50</sup>. Algunhas das súas principais producións de Continental son *Fisterra, onde termina o mundo*, *Sei quen es*, *Os Luns ao Sol*, *Trece badaladas*, *A Vida que che espera*, *Para que non me esquezas* ou *Heroína*.

**Filmanova** é un grupo audiovisual centrado na creación, produción e realización de televisión e cinema. A empresa foi fundada en novembro de 1999 por Antón Reixa, Beatriz del Monte e Xosé Morais co nome de Filmanova. En 2001, a entidade financeira Caixanova súmase ao conxunto de accionistas da compañía cun 20% do capital social e, dende 2003, pasa a denominarse **Filmanova**. Neste período de tempo, a empresa desenvolveu xa varias producións de cinema (as longametraxes *Lena*, *Descongélate*, *O lapis do carpinteiro* e a curta *Ciclo*) e televisión (a serie de ficción *Galicia Express*, a tv movie, *Secuestrados en Xeorxia* ou os documentais *4 puntos cardinais* e *Santa Liberdade*).

Telespan 2000, a impulsora de éxitos de cine español como *Al otro lado de la cama*, *Días de fútbol* ou *Torremolinos 73*, incorporouse como accionista a **Filmanova Invest** na última ampliación de capital que levou a cabo na primeira metade de 2004 esta sociedade, creada para investir en proxectos cinematográficos nacionais ou internacionais, tanto dos seus socios coma alleos. Estes once novos socios súmanse á produtora galega Filmanova, Caixanova e Galeban 21 Comercial (Banco Gallego), que foron os fundadores do proxecto. Filmanova Invest conta co asesoramento de analistas financeiros internacionais para o desenvolvemento desta operación. De momento, participou en filmes xa en explotación como *Lena*, *O lapis do carpinteiro*, *Descongélate*, *Tres no Camiño*, *O ano da carracha* ou *Mar adentro* e realizou investimentos financeiros en proxectos a punto de estrear, como as coproducións con Arxentina *Cama adentro*, de Jorge Gaggero, e *No sos vos, soy yo*, de Juan Taratuto<sup>51</sup>, ou a coprodución con Alemaña *Galatasaray-Depor*, de Hannes Stöhr. A operación mais recente de Filmanova Invest foi a coproducción da longametraxe *Camarón*.

**Lorelei Producciones** é unha compañía centrada no mundo cinematográfico, creada a comezos do ano 2001 e que conta co aval da experiencia de anos de traballo noutras compañías dos seus socios fundadores: Xosé Zapata, Borja Pena e Alex Castro. Entre as súas principais producións figuran a longametraxe *O agasallo de*

<sup>49</sup> Ademais, Continental abriu novas liñas de negocio que lle permiten participar activamente nas distintas ventanas de explotación, como son a distribuidora de vídeo e DVD Cameo, así como o Consorcio de Exportación de Cine Español e Iberoamericano Latido.

<sup>50</sup> Estes inversores contan co 49 % do capital social, situándose o 51 % restante en mans dos socios tradicionais.

<sup>51</sup> Ben situada no ranking de taquilla, acadou en dous semanas 100.000 espectadores.



*Silvia*, dirixida por Dionisio Pérez, un filme rodado en sistema de alta definición, e as curtas *Toda clase de pieles*, *Di algo*, *El trasto*, *Lauburu* e *Malfeito*, unha película de animación baseada nos personaxes creados polo debuxante Xaquín Marín.

**I.B. Cinema** (previamente Servicios Audiovisuales Ignacio Benedeti S. C.) é a única empresa galega dedicada ao cinema en todas as súas vertentes: produción, exhibición, distribución e arquivo. Iníciase no mundo da produción cinematográfica como produtora das curtametraxes *La calle del general Aleson* e *O Trasto*. Igualmente, acomete en solitario a produción do documental *Lobos Acosados*, dirixido por Xosé Zapata, que estuda o afundimento de submarinos alemáns nas costas galegas durante a II Guerra Mundial. O proxecto de produción máis importante é, non obstante, a súa participación na longametraxe *O agasallo de Silvia*. Tras a rodaxe de varias TV movies, como *Sara*, *Delta* e *Sincopado*, a compañía produciu, entre outros traballos, a curtametraxe de animación *Minotaurmaquia: Pablo en el laberinto*. En preparación, o proxecto estrela é, sen dúbida, a longametraxe de animación *Linko Killer Machine*, baixo a dirección de Juan Pablo Etcheverry. Para esta rodaxe efectuaron unha ampliación das súas instalacións, que ocupar 700 m<sup>2</sup>.

**Atlántico Films** é unha produtora de cine veteranas en Galicia, xa que foi fundada en 1985 por Juan Pinzás e Pilar Sueiro, ambos con ampla traxectoria na produción de curtametraxes. Algunhas das longametraxes no seu haber son *La gran comedia*, *El juego de los mensajes invisibles*, *La leyenda de la doncella* ou *Cuando el mundo se acabe, te seguiré amando*. Entre as súas fitas máis recentes figuran *Érase outra vez*, a primeira película Dogma do cinema español, que forma parte dunha triloxía pendente de remate e que inclúe *Días de voda* e a aínda non estreada *O desenlace*.

**Formato** constituíuse como produtora en marzo de 1989. Dende os comezos apostouse por combinar a mellor calidade de imaxe, cun alto valor engadido creativo e artístico. A empresa coproduciu a longametraxe *Divertimento* (2000), de José García Hernández. Tamén realizaron unha mediametraxe, *Godspeed* (2003) e varias curtametraxes como *Sabes que te quiero*, *Si lo sé no vengo*, *La verdad sino miento*, *Alex y yo* e *Dous*, ademais dalgunhas producións para televisión (*A memoria cotiá*, *A Saúde*, *Amaneceres* ou *Régimen abierto*).

**Vaca Filmes** é unha produtora cinematográfica recente, creada no ano 2003, e que centra o seu esforzo no desenvolvemento de cine enmarcado no xénero fantástico e de terror, unha especialización coa que aspira a competir no mercado internacional. Dende que comezou a súa andaina, traballa con xóvenes directores e guionistas galegos provintes das curtametraxes. Entre as súas producións cabe destacar a curtametraxe *Las rubias los prefieren caballeros* (2003). En fase de postprodución encóntranse as longametraxes *Somme*, dirixida por Isidro Ortiz e *Carga*, unha coprodución internacional de sete millóns de euros dirixida por Clive Gordon; ambas estrenaranse no outono do 2005.

A recentemente desaparecida **Fenda Films** centraba a súa actividade na produción de longametraxes (35 mm) para a distribución cinematográfica e o mercado televisivo, baixo a dirección de Manuel Castelao. **Adai Films** foi fundada en 1994 por Ricardo García Arroyo e Xosé Xoan Cabanas Cao, co propósito de lle dar continuidade á actividade cinematográfica en Galicia, participando en proxectos propios ou en colaboración con outras produtoras españolas ou estranxeiras. Posteriormente, e vinculadas a ésta, constituíronse **Vici Produccións** e **Vimbio Filmes**.

No marco da Semana de Cine Arxentino en Galicia subscribiuse en Santiago de Compostela o Fondo Raíces, que nace co obxectivo de impulsar as coproducións cinematográficas nas que participen empresas de Cataluña, Galicia e Arxentina. O dito fondo, que está dotado con 450.000 euros para o ano 2005, implica ao Instituto Nacional de Cine e Artes Audiovisuais de Arxentina (INCAA), o Instituto Catalán das Industrias Culturais (ICIC) e o Consorcio Audiovisual de Galicia. A iniciativa toma o seu nome do proxecto que hai dous anos puxo en marcha o

INCAA, convocando representantes do Estado español e das comunidades autónomas historicamente ligadas a Arxentina, para chegar a acordos de coprodución cinematográfica.

O Fondo Raíces, ao que se pretende que se vaian incorporando outras comunidades autónomas españolas, require que os proxectos contén con participación de empresas dos tres territorios que o asinaron: Cataluña, Galicia e Arxentina.

A **Televisión de Galicia** ven colaborando na produción de novas longametraxes galegas e numerosas *TV movies*, en colaboración con produtoras galegas e televisións e empresas audiovisuais do resto de España. A participación nestas novas producións enmárcase na política de apoio ao audiovisual galego desenvolvido pola canle pública ao longo dos últimos anos. Polo que respecta a longametraxes, a TVG coproduciu durante 2002, 2003 e 2004 algunhas películas do talle de *Trece badaladas*, *O misterio Galíndez*, *Días de voda* e *Os luns ó sol* (todas de 2002), *O lapis do carpinteiro*, *Ilegal* ou *O agasallo de Silvia* (ambos do 2003) ou *Un bosque de música*, *Camiño de Santiago*, *el origen*, *O ano da carracha*, *Tres en el camino* ou *A promesa* (todas eles do 2004).

Antena 3 investiu 23 millóns de euros durante 2004 na coprodución e compra de dereitos de películas e *TV-movies* españolas e europeas, en cumprimento da denominada Lei do 5%, e ten previsto destinar no 2005 uns 33 millóns de euros a este concepto. Dos 18 títulos nos que participou Antena 3 en 2004, en 12 fíxoo baixo a fórmula de adquisición de dereitos de emisión, entre as que figuran as películas con participación galega *Un rey en La Habana* ou *Seres queridos* e o de animación *P3K Pinocho 3000*. Pola súa parte, a cadea participa como coprodutora na longametraxe *La bella Otero*, unha coprodución europea que se rodará en outubro próximo e na que participan, xunto á canle privada, Zenit Televisión, ICC e Gestmusic Endemol, por parte española, e outras compañías e televisións de Francia, Italia e Alemaña.

A TVG ven colaborando na produción de longametraxes galegas...

### 3.2 A DISTRIBUCIÓN DE CINE

Media Salles presentou un informe sobre a circulación dos filmes europeos no noso continente durante 2002, cuxo obxectivo é realizar unha análise en profundidade das dificultades que sempre experimentaron as películas continentais para traspasar as fronteiras do seu país de orixe. Por exemplo, o informe resalta unha alta concentración de espectadores europeos en torno a un puñado de títulos. En 2002, oito filmes concitaron fundamentalmente a atención do público. Deles, tres obtiveron máis de 10 millóns de espectadores ao longo e ancho de Europa<sup>52</sup>. Outros cinco venderon entre 5 e 10 millóns de entradas<sup>53</sup>. Os filmes europeos máis amplamente distribuídos en Europa son os británicos, seguidos dos franceses e dos alemáns. En canto á distribución de filmes españois, en 2002 conseguíronse porcentaxes de espectadores relativamente altas: 24,2% en Francia, 21,0% no Reino Unido e Irlanda, 10,5% en Italia, 10,9% en Dinamarca, e 10,3% en Luxemburgo. O informe tamén apunta que as coproducións xogan un papel esencial. De feito, entre os filmes europeos máis vistos en Europa en 2002, os oito primeiros eran coproducións. É interesante sinalar que nalgúns casos estas coproducións obtiveron máis da metade dos seus espectadores nos países socios.

No panorama distribuidor existen, por un lado, grandes distribuidoras que traballan en todo o territorio español, dentro das que se poden diferenciar as filiais de distribuidoras ou estudos norteamericanos e as distribuidoras de orixe nacional.

<sup>52</sup> *Astérix y Obélix*, *Misión Cleopatra*, *Muere otro día* e *About a Boy*

<sup>53</sup> *Gosford Park*, *8 Femmes*, *Hable con ella*, *Amelie* e *Resident Evil*

A actividade das multinacionais de distribución audiovisual no mercado español, en xeral, e no galego, en particular, segue o mesmo modelo que aplican a calquera país europeo occidental: o seu control poden exercelo directamente, mantendo unha delegación propia con sucursais repartidas polo territorio, ou indirectamente, negociando a representación dos seus produtos con algún distribuidor independente. No primeiro dos casos estarían Warner, Columbia, Hipano Fox, Buenavista ou U.I.P. (consorcio que comercializa os filmes de Universal, Metro Goldwin Mayer e DreamWork, ademais de recoller en España as marcas locais Araba, Iberoamericana e C. B.) e, no segundo, NewLine, que traballa a través da empresa Tripictures. Por outra banda están as distribuidoras promovidas en cada país cun ámbito de acción restrinxido aos seus mercados: Filmax-Sogedasa, Tripictures, Alta Films, Vértigo, Planeta, Aurum e Lauren, entre outras.

Pero con estas empresas coexiste outro tipo de distribuidor que opera en ámbitos xeográficos máis restrinxidos. Éste adquirelles as películas ás grandes distribuidoras a cambio dunha porcentaxe sobre a súa posterior explotación, que, xeralmente, se produce en círculos periféricos. Así, mentres as multinacionais poden manter sucursais dentro dun territorio, o modelo máis implantado é o dos subdistribuidores, que se establecen como empresarios autónomos nas zonas periféricas, ou de acordo cunha repartición por rexións ou zonas. Este mecanismo é o que a fin de contas dificulta a chegada aos cines de películas que non sexan distribuídas masivamente por estas empresas. A isto engádeselle o feito de que, nos últimos tempos, son —tamén— os grandes estudos os propietarios de numerosos multicines abertos en centros comerciais, polo que as producións que se proxectan nesas salas se limitan ao catálogo do estudio correspondente.

**As multinacionais de distribución audiovisual aplican o mesmo modelo en tódolos países europeos**

Para máis inri, ao problema da distribución súmaselle o da promoción. Un recente estudio realizado polo ICAA demostra que, dentro dos orzamentos nos que as produtoras se desenvolven para a realización de filmes, curtametraxes ou documentais, a partida máis modesta é sempre a que se destina a plans de promoción, mercadotecnia e comunicación, á inversa da práctica habitual de Hollywood. O lanzamento dunha longametraxe cinematográfica e o seu funcionamento posterior no mercado vén determinado en gran medida polas actividades de mercadotecnia que se leven a cabo durante o ciclo de vida mesmo, segundo recolle na súa comunicación no II Congreso Galego Audiovisual Lorena Rodríguez<sup>54</sup>.

A ausencia dunha estratexia de venda e promoción na maior parte das producións é un mal que significa a inexistencia pública e mediática da produción audiovisual galega e o seu descoñecemento polo público en xeral. Esta ocultación leva a unha falta de interese entre os potenciais espectadores, contraproducente para a conta de

**EE.UU. concede cada vez máis importancia a promoción das producións**

resultados das nosas produtoras cinematográficas. A tendencia a seguir márcaa novamente o mercado estadounidense, que cada vez lle concede maior importancia á estratexia de promoción das producións, adquirindo especial relevancia nos últimos tempos as novas tecnoloxías e os novos soportes (sitios web, CD- ROM, e-card, etc.).

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo convocou en 2003, por vez primeira, subvencións para apoiar a comercialización de produtos audiovisuais e a presenza nos mercados de obras orixinalmente producidas en lingua galega, con unha dotación de 180.000 euros. En marzo de 2004, o Consorcio Audiovisual de Galicia

<sup>54</sup> Os resultados que se obterán dependerán da selección de historias, elenco de actores e directores, do público obxectivo, da segmentación do mercado e do posicionamento do filme, da campaña de comunicación, da presenza en festivais e mercados, do aproveitamento das axudas institucionais e da porcentaxe de presuposto destinado á promoción.

tamén considerou oportuno establecer accións de promoción exterior do produto audiovisual galego e ademais destinou 60.000 euros a potenciar a promoción audiovisual en Internet dentro do seu plan de actividades para 2005. Segundo o Consorcio, o obxectivo das axudas é intentar equilibrar a presenza na rede das producións galegas, para que poidan, na medida do posible, equipararse ás promocións norteamericanas.

### A Consellería de Cultura convocou subvencións para apoiar á comercialización das producións

Por último, está o chamado drama das copias: as multinacionais da distribución que, finalmente, deciden apostar por producións alleas ao mercado estadounidense castigan doutra forma os pequenos produtores, coa distribución dun escaso número de copias nos cines. A tendencia en canto ao volume de copias para a súa explotación nas

salas segue en aumento no Estado español, segundo o Ministerio de Cultura. De feito incrementouse nun 6,2% durante 2003, ata acadar as 45.882, segundo os datos recollidos dun informe do ICAA. No ano 2003 estreáronse 106 películas españolas (un 13,1% menos que o ano anterior) e importáronse 419 producións estranxeiras (un 1,7% máis). 26 desas películas comercializáronse con máis de 300 copias (3 con máis de 500), polas 23 do ano anterior.

Evolución histórica das distribuidoras de cine en Galicia.				
Mercado	1935	1979	1989	2001
A Coruña	Atlantic Films Filmófono Román González Hispano Foxfilms José Ledo MGM Ibérica José Miguel Montero Paramount Films G. Pereira Nouche Ufilms (Ulargui Films)	G. Gómez Ontaño Rogelio Tourón M. Suárez Bolado José María Arévalo José Pazos García Luís Caramés López Campanioni Alberto Balgoma Romay	Rogelio Tourón Alberto Balgoma	
Vigo	Salvador Avendaño Espectáculos Celta F. Monroy Arizamendi		Emilio Baños Secundino Otero	Baños Films, S.L. Suso Zinea, S.L.

Fonte: Miguel Anxo Fernández

En palabras do crítico, investigador e divulgador cinematográfico Miguel Anxo Fernández, a distribución é se cadra o sector máis inmovilista e involutivo de cantos conforman o audiovisual galego desde unha perspectiva histórica. Se en 1935 existían 14 empresas distribuidoras en Galicia, no 2005 só sobreviven dúas desas operadoras, en Vigo: Baño Films e Suso Zinea. Co paso dos anos confirmase a crecente centralización desta actividade maioritariamente desde Madrid, e a escasa vontade empresarial de constituír unha compañía distribuidora galega que, á parte de darlle saída aos filmes galegos no propio territorio, os poña en circulación no resto do territorio español e a nivel internacional.

As empresas ubicadas en Galicia e dedicadas de forma maioritaria á distribución cinematografía que figuran no Rexistro Mercantil son 3, e facturaron no exercicio 2003 un montante de 1,07 millóns de euros, con tan só 7 empregados.

**Baños Films**, distribuidor con sede en Vigo, distribúe materiais de Alta Films, Filmmax, Vértigo ou TriPictures e subdistribúe HispanoFox e Buenavista. Malia as limitacións que lle veñen dadas pola súa condición de

subdistribuidor e de carecer de calquera estímulo institucional, Emilio Baños conta nos seus catálogos cunha elevada porcentaxe das longametraxes feitas en Galicia, así como das rodadas en localizacións galegas.

**Suso Zinea** comezou a operar no ano 1995 coa distribución cinematográfica como actividade fundamental. Na actualidade encárgase da subdistribución para o norte e noroeste do material de Warner Sogefilms en circuitos periféricos, á marxe das cidades, así como da distribución para todo o Estado doutras producións independentes. Recientemente, a empresa pechou os almacéns cos que contaba en Vigo.

**3 empresas en Galicia se dedican maioritariamente a distribución cinematográfica**

**Ignacio Benedetti Cinema** desenvolve o potencial de exportación do audiovisual galego mediante a súa distribuidora **Gallaecia Cinema**. Ademais distribúe de forma exclusiva para o mercado europeo toda unha serie de títulos en formato cinematográfico. Por outro lado, conta cun arquivo cinematográfico composto por máis de tres mil títulos en pasos de 35 e 16 mm, considerado polas principais filmotecas como o máis importante de Europa consagrado a cartoons<sup>55</sup>.

### **3.2.1 As distribuidoras dos títulos de cine producidos en Galicia**

Moitos dos problemas que sofren os produtores independentes ou os autores noveis en Galicia poden ter a súa raíz na falla dun distribuidor que posibilite o acceso da súa película ás pantallas tanto da nosa comunidade como de fóra dela.

Velaquí a relación das distribuidoras cinematográficas coas que teñen que negociar as produtoras galegas para que as súas películas cheguen ao público:

**United International Pictures (UIP)**, o consorcio que comercializa as películas de Universal, DreamWorks e Paramount, é a máis poderosa das distribuidoras e contaba, ata hai poucos anos, cunha delegación na Coruña. Foi a que puxo en circulación películas como *Continental* (1989), *Tirano banderas* (1993), *La ley de la frontera* (1995), *La Moños* (1996), *Dáme algo* (1997), *A noiva da medianoite* (1997) e *Canícula* (2002).

**Alta Films** tamén se encargou dalgunhas creacións de produtoras galegas, como é o caso de *Fisterra, onde termina o mundo* (1999), *Frontera sur* (1998), *Sei quen es* (1999), *Divertimento* (2000), *Lena* (2001), *O alquimista impaciente* (2002), *Machín, toda unha vida* (2002), *El misterio Galíndez* (2002), *A promesa* (2004), *A vida que che espera* (2004) ou *Heroína* (2005).

**Columbia Tri-Star Films de España**, pola súa banda, encargouse de distribuír no mercado español longametraxes como *El juego de los mensajes invisibles* (1991), *La leyenda de la doncella* (1994), *Se buscan fullmontís* (1999) ou *Un rey en La Habana* (2005).

A multinacional **Warner Sogefilms A. I. E.** distribuíu tamén algunha das producións galegas con maior recoñecemento de crítica e público, como *Cuando vuelvas a mi lado* ou *A lingua das bolboretas* (as dúas de 1999), *Os luns ó sol* (2002), *O lapis do carpinteiro* e *Descongélate* (2003) ou *Mar adentro* (2004).

**Buenavista International Spain**, a distribuidora dos estudos TouchStone, Hollywood, Miramax e Disney, foi a encargada da distribución de *O bosque animado* (2002) ou *O sonho dunha noite de San Xoan* (2005), os filmes de animación creados por Dygra Films.

<sup>55</sup> Dalgunhas destas películas conta coa posesión plena dos seus dereitos audiovisuais en formato de 16 mm para toda a Unión Europea. Das outras, I.B. Cinema tramita os dereitos de exhibición pública non comercial cos propietarios do copyright.



Ademais destes anteriores, existen algúns casos no panorama cinematográfico galego nos que a propia produtora se tivo que encargar da distribución do filme, como é o caso de *Belas dormentes*, de Off Films, *Dáme lume*, de Sun Lúa, *Blanca Madison* de Vici Producciones ou *Un bosque de música*, de Vía Láctea Films. Isto non fai máis que poñer de manifesto, segundo di Miguel Anxo Fernández, unha crecente incapacidade para estrear con autonomía e non en función dos ocos deixados polas producións norteamericanas.

O problema na comercialización do cinema galego é que se apoia, en gran parte, en pequenas produtoras que moitas veces non chegan aos grandes circuitos de exhibición e quedan fóra das posibilidades de distribución, co que os seus traballos son moito menos comerciais e alcanzan menor divulgación.

---



---

**Foron varias as producións galegas que emprenderon a distribución fora do mercado español**

---



---

Pero foron varias as producións galegas que emprenderon a distribución fóra do mercado español. Dygra Films e a produtora e distribuidora Icon Productions chegaron a un acordo no que esta comercializa todos os dereitos de distribución da película de animación ***O Bosque Animado***. Desde a súa estrea en España en 2001, a cinta foi vendida xa para cine

en Benelux, Francia, Italia, Portugal, Rusia, Iugoslavia, Escandinavia e Chile. En case todos estes países xa foi estreada con bos resultados de público. Pero o acordo con Icon Films inclúe tamén os dereitos mundiais de TV, *licensing* e *publishing*, excepto en España, e xa se comercializaron os dereitos televisivos para os territorios anteriores, así como para Eslovaquia, Marrocos, Latinoamérica e Alemaña. Ademais, o acordo inclúe os dereitos de distribución da nova serie que Dygra Films está realizando actualmente, baseada na película orixinal de *O Bosque Animado*. Ademais, Super RTL adquiriu os dereitos de TV en aberto, e Disney Channel Alemaña, os de televisión de pago.

Pola súa parte, e a pesar da competencia doutras producións de animación de factura norteamericana, ***P3K Pinocho 3000***, unha versión futurista do conto de Pinocho, que foi dirixida por Daniel Robichaud e coproducida pola compañía española Filmmax Animation, xunto a empresas de Francia e Canadá, foi lanzada ao mercado con 250 copias. Grupo Pi distribúe a longametraxe de Vía Láctea Films, ***Illegal***, no ámbito internacional, o que garantiu a presenza da película nos principais festivais. A presenza de ***Illegal*** dentro deste acordo implicou o seu desembarco no Mercado Internacional de Cine.

Logo da súa exhibición en Cannes, ***O lapis do carpintero*** foi vendida a distintas distribuidoras que se encargarán da súa explotación tanto en salas como en vídeo e canles de televisión de México, Arxentina, Chile, Uruguai e Paraguai, mentres se negocian acordos con outras empresas para a súa venda noutros territorios, e a canle de TV de pago Pan Latinoamericana adquiriu os dereitos para a súa emisión en Latinoamérica. En Europa, Mondo TV adquiriu os dereitos de explotación para Italia e foi vendida tamén en Turquía e Ucraína. A distribuidora arxentina Artkino Pictures estreou no inverno de 2004 o filme ***Días de voda*** nas salas cinematográficas de Arxentina, Uruguai e Chile, e a distribuidora Movie Movie, C.A., de Venezuela, a exhibición nos cines do seu país. A película de Xavier Bermúdez ***León e Olvido*** estreouse en Francia e Suíza a mediados de marzo de 2005, grazas ás distribuidoras Mima Fleurent (Francia) e Xenix Films (Suíza), e está ultimando esta en Italia e Alemaña, aínda que tardou en alcanzar un acordo para a distribución en España, que finalmente se pechou con Sólida, o que permitiu a súa estrea en febreiro de 2005.

Canal Arte adquiriu os dereitos de emisión de ***Minotauromaquia. Pablo en el laberinto*** de Juan Pablo Etcheverry durante os anos 2005 e 2006 en Francia e Alemaña. Ademais, o MOMA de Nova York manifestou interese por estrear a curta neste importante museo neiorquino en xuño de 2005.

Cando aínda non fora estreado, a repercusión do filme de animación en 3D *O soño dunha noite de San Xoan*, que produciron a empresa galega Dygra Films e a portuguesa Appia Filmes, non poido ser mellor. A excelente acollida por parte dos asistentes ó Festival de Cannes na edición do 2004 provocou que, en poucos días, o equipo de vendas internacionais de Lumina Films pechase numerosos contratos ata alcanzar os 40 territorios que xa están comprometidos, entre os que se inclúen (á parte de España e Portugal) algúns tan importantes como Italia, Bélxica, Holanda, Rusia, China, Exipto, Israel, México, Brasil ou Arxentina. A presentación desta película no Cartoon Movie de Potsdam, onde tamén tivo unha excelente eco, permitiu a venda da película a cinco novos países: Suecia, Finlandia, Noruega, Islandia e Dinamarca, a través dun acordo coa distribuidora Scanbox Entertainment, o que eleva a 61 o número de territorios nos que se distribuirá, e avanzáronse notablemente as negociacións co Reino Unido e Alemaña.

Ademais, espertaron unha grande expectación os novos proxectos de Dygra Films presentados no Cartoon. Neste sentido, a produtora galega cerrou xa un acordo para a distribución de *El espíritu del bosque* en Rusia, mentres que Francia, Italia, Bélxica e Holanda amosaron xa o seu interese por este filme e estanse estudando os termos dos respectivos acordos. Nunha situación parecida atópase *Gisaku*, que xa foi vendido en toda Latinoamérica, agás México e Brasil, onde continúan as negociacións. Tamén se verá en Rusia.

Tra-la presentación das primeiras imaxes de *Cargo* no Marché Du Film de Cannes 2005, pecháronse acordos de venta nos territorios de Portugal, Bélxica e Países Baixos, onde o filme será estreado nas salas comerciais. A estes países europeos hai que sumar os territorios de España, Gran Bretaña e Suecia, onde o filme tamén será distribuído en salas de cine.

### 3.3 A EXHIBICIÓN CINEMATOGRAFICA

As primeiras proxeccións de imaxes animadas das que temos noticia en Galicia tiveron lugar na Coruña o 2 de setembro de 1896 por iniciativa dos empresarios Pedregal e Ramos, que organizaron sesións de kinetógrafo –un dos sistemas derivados do de Edison- no Teatro-Circo coruñés. Posibelmente se tratase do kinetógrafo de Prado (procedente de Asturias), que proxectaba filmes do catálogo do pioneiro británico R. W. Paul<sup>56</sup>

Canto á primeira sesión do cinematógrafo Lumière, sábese que tivo lugar no Teatro Liceo de Pontevedra o 17 de

**As primeiras imaxes animadas foron iniciativa de Pedregal e Ramos no 1896**

abril de 1897, e correu a cargo dos delegados portugueses da empresa César Marques e Alexandre de Azevedo, procedentes de Lisboa e Porto. Logo proxectarían en Tui, A Coruña, Ferrol e Lugo. Unha das películas que se exhibiron foi a célebre *Regador regado*, o primeiro *gag* da historia do cinema. As sesións incluían todo tipo de materiais: chegadas de trens, cortes de tsares ou vistas de Niza; películas de 50 segundos de duración,

agrupadas en sesións de dez. Entre película e película, había un descanso obrigado na escuridade, mentres o encargado da proxección facía o cambio de cinta no aparato<sup>57</sup>.

Tamén nestes anos, o pioneiro **José Sellier** solicitoulle á corporación coruñesa o permiso para instalar, concretamente durante o verán de 1897, un pavillón no paseo de Méndez Núñez no que poder proxectar as súas filmacións. Programou sesións de seis a dez e tamén se valía dunha cámara Lumière, que servía indistintamente

<sup>56</sup> Vid. J. L. Castro de Paz, "A chegada do cine a Galicia e as primitivas fórmulas de exhibición (1896-1908)", en Castro de Paz (coord), *Historia do Cine en Galicia*, A Coruña, Vía Láctea Editorial, 1996, p. 37.

<sup>57</sup> O programa da primeira sesión pontevedresa foi o seguinte: *Primera parte: 1. Trabajos de campo. 2. Banquete curioso. 3. Bomberos en Londres. 4. Una escena en Argel. 5. Duelo a muerte. 6. Caballería española. Segunda parte: 1. Un jardinero sorprendido. 2. Embajadores en Budapesth [sic]. 3. Llegada de un tren. 4. Carreras en saco. 5. Batalla de nieve. 6. Coraceros franceses.* [*El Diario de Pontevedra*, 19 de abril de 1897].

para rexistrar imaxes e para proxectalas. Deste modo, as barracas das feiras serán punto de exhibición de películas, xunto cos cafés e teatros, ata ben entrado o século XX.

O cinematógrafo comezou a estabilizarse parcialmente en Galicia nalgunhas salas e pavillóns ambulantes, prefabricados e instalados durante meses, e mesmo anos, en alamedas e prazas, malia algúns limitárense ás festas e á tempada estival. Este foi o caso do teatro Circo en Lugo, ou do pavillón Guignol en Vigo, os dous levantados no ano 1899. En Vigo funcionaría tamén, dende 1902, o cinematógrafo da Porta do Sol; en Santiago de Compostela, o Apolo, e en Ferrol, o New England, pavillón estable que estivo aberto nos Cantóns preto de oito anos. En 1906 inaugurouse o Victorious Graph en Vigo, que ardería un ano despois. Co paso dos anos, os pavillóns foron alcanzando, xa na primeira década do século XX, certa sofisticación: levan organista ou pianista, operador, vendedor de entradas e ata o charlatán-explicador das películas. En 1905 había trinta pavillóns en Galicia, aos que habería que lles engadir un número indeterminado de barracóns.

Próximos xa os anos dez, a normativa sobre instalación deste tipo de locais endurecese, o que favorece a construción de locais estables, con mangueriras de rega, cabinas de ladrillo e outras medidas de seguridade. Por outra banda, algúns teatros, como o Jofre en Ferrol ou o Principal en Santiago de Compostela, pasan a facer proxeccións de películas en lugares estables.

Os exhibidores ambulantes e os que pretendían estabilizarse encheron de cine toda Galicia na primeira década do século. A algúns, a historia permitiulles ter nomes propios: Matías Sánchez, Xosé Rodríguez Seoane, Daniel Barreiro, Manuel Ureba, Teodora Sáenz, Antonio Sanchís ou Luis de la Puente, ademais de dous nomes míticos na exhibición e na produción dos primeiros anos do cinema en Galicia: a saga dos Barbajelata e Lino Pérez.

**Lino Pérez** xa organizara exposicións en 1898 no Circo coruñés, que por eses anos podía considerarse máis ou menos estable. En 1905 abriu as portas do cinematógrafo Lino e, en menos de tres anos, tiña xa a exclusiva na provincia da casa francesa Pathé. Especúlase mesmo sobre a posibilidade de que Lino Pérez subministrase estas películas a outros exhibidores, inaugurando, probablemente, en Galicia a nova modalidade do aluguer para exhibición. En 1911 o salón París coruñés comezou a promover, igual que o cinematógrafo Pinacho en Vigo, as primeiras cintas para autoconsumo.

Pola súa banda, en 1888 nacera no Carballiño o que pode considerarse un dos galegos máis importantes da industria cinematográfica española: **Isaac Fraga Penedo**, que foi explicador, proxeccionista ambulante, produtor, empresario, exhibidor e distribuidor ao longo de máis de setenta anos. En Arxentina, país a onde emigrara con 18 anos, descubriu o cinematógrafo e, logo do seu regreso a Galicia en 1908, comprou un proxector co cal, e a lombos dun cabalo, percorreu a provincia de Ourense durante meses.

En 1909, Fraga instalou en Compostela un gran cinema ambulante no que simultaneaba a exhibición de películas con variedades. En 1910 alugou o modernista pavillón Artístico, construído por Antonio Palacios no paseo da Ferradura compostelán, que funcionará ata 1914. Fraga alugou tamén outras dúas salas na rúa Nova, o salón Apolo e o Teatro Principal, e proxectou en todas elas películas Pathé.

A mediados dos anos dez, Fraga é xa un empresario cinematográfico de gran relevancia que aposta pola exhibición das grandes superproduccións italianas que tamén chega a distribuír, con películas como *Quo Vadis* ou *Cabiria* e seriais de moitos episodios como *La llave maestra*.

En 1922, a empresa Fraga declaraba cinco millóns de pesetas de capital social e vendía proxectores alemáns da marca Ertel-Werke. Tres anos antes comprara xa o Teatro Jofre en Ferrol. Nesa época, Galicia contaba con cincuenta salas estables das cales aproximadamente a metade estaba baixo o control ou a influencia de Isaac Fraga, con cines na Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Lugo, Monforte, Ourense e Vigo.

En 1927, xa foran levantados algúns dos grandes cines-teatros de Galicia, como os García Barbón e o Tamberlick de Vigo, os Royalty e Gran Cinema de Sada, o Doré e o Quiosco Alfonso da Coruña ou o Renacemento de Ferrol. En 1929, España dispoñía de máis de 2.000 salas cinematográficas, das que 140 estaban en Galicia. Fraga dedicouse o resto da súa vida á exhibición<sup>58</sup>, e foi tamén pioneiro do cinema sonoro, coa estrea de *El cantor de jazz* no Tamberlick de Vigo, en marzo de 1929 e, xunto con algúns colaboradores, como Ricardo Púente, e o apoio de distribuidores como Emilio Baños, mantivo vivo o imperio ata a súa morte en 1982. Dende 1950 foi conseguindo a maioría do mercado galego. Nos anos setenta controlaba cincuenta locais dos 300 que funcionaban en Galicia e tiña un posto importante no sector español.

### 3.3.1 **As salas de exhibición en Galicia**

Xa na actualidade, concretamente durante o período 1993-2003, o número de salas de exhibición cinematográfica experimentou un importante crecemento en Galicia, aínda que de forma desigual en cada unha das provincias. Malia o número total de cines ir descendendo, neses dez anos abríronse no mercado galego 88 novas pantallas, na súa maioría multisalas nos centros comerciais das principais cidades. Como consecuencia diso, a media de pantallas por cinema pasa neste período de 1,30 en 1993, a 3,45 en 2003, dato lixeiramente inferior á media española, se ben a diferenza se acurta notablemente.

En efecto, a evolución da media de pantallas por cine non fai máis que confirmar a tendencia a desaparecer das antigas monosalas que son substituídas por modernos complexos multisala.

Esta tendencia é común a toda Europa, segundo o anuario *European Cinema Yearbook -2004* de Media Salles, que confirma que os multiplexes e os cines dixitais se estenden por todos os países do vello continente. De feito, o 31 de outubro de 2004 había 944 complexos con 8 ou máis pantallas, fronte aos 885 do ano anterior, o que supón un crecemento do 6,7%. Nos trinta países europeos nos que existen este tipo de centros, o número de pantallas en multiplexes pasou de 9.519 a 10.160 no mesmo período.

**En dez anos  
abríronse no  
mercado galego 88  
novas pantallas**

Pola súa banda, a distribución provincial das salas de exhibición en Galicia pon de manifesto a importancia da Coruña neste como noutros aspectos da industria audiovisual, aínda que ao longo dos últimos anos se fai menor con respecto ao resto das provincias. Así en 2003, a provincia de Pontevedra mostra un maior peso non tocante ao número de cines.

A teor da información achegada polo ICAA, Ourense aglutina a menor porcentaxe de salas de cine en Galicia, co 10,36% do total, mentres que no extremo oposto se sitúa A Coruña, co 40,93%. Pontevedra e Lugo supoñen, respectivamente, o 36,27% e o 12,44%.

En 1994, case a metade das pantallas atopábanse en establecementos con un a soa sala de proxección (o que significa o 80,3% dos cines), mentres que no ano 2001 esta porcentaxe se reduce ao 17,7%. O descenso produciuse a custa da creación de cines con máis de seis pantallas, que supoñen un 47,22% do total de pantallas de exhibición cinematográfica existentes na actualidade en Galicia.

Ademais, só A Coruña contaba no ano 2000 con un complexo cinematográfico con máis de 8 salas de exhibición: Los Rosales, con 13 pantallas. Na actualidade, a situación cambiou enormemente, e incrementouse a 8 a oferta de multicines con máis de 8 pantallas: é o caso de cine Box Plaza E en Vigo, Box Pontevedra, Box Ourense,

<sup>58</sup> Ben que realizou puntuais incursións no eido da produción: primeiro nos anos 20 coa serie *España en África* (compuesta de documentais de guerra a prol da causa africanista do exército español); logo na Guerra Civil a través da súa produtora Films Patria, dende a que impulsou a serie *¡Arriba España! La Reconquista de la Patria*, de obvia filiación ideolóxica (a cal lle deixou moi ben situado co triunfo da sublevación franquista).

Yelmo Cineplex Lugo, Yelmo Cineplex Vigo e Multicines Galicia en Ferrol, con 8 salas cada unha delas, Box Narón, con 12, e Los Rosales, con 13.


En 1994, case a metade das pantallas atopábanse en cines unipantalla (o que significa o 80,3% dos cines), mentres que no ano 2001 esta porcentaxe se reduce ao 17,7% e en 2003 é do 10,9%. Este descenso produciuse a custa da creación de cines con seis ou máis pantallas, que supoñen un 55,44% do total de pantallas de exhibición cinematográfica existentes na actualidade en Galicia.

Afondando neste tema, no ano 2001 o 7,22% das pantallas estaba en cines de máis de 8 pantallas, e o 40% entre 6 e 8. No ano 2003, estas porcentaxes son xa de 18,13 e 37,71% respectivamente. Polo tanto, máis da metade das salas de exhibición comercial operativas en Galicia están en complexos de máis de 5 pantallas (o 55,4%).

En calquera caso, o número de pantallas en Galicia seguiu unha traxectoria crecente durante os últimos anos, agás no ano 1999 no que se produce un retroceso que non se recupera ata o ano 2001. En termos de participación no total de pantallas en España, obsérvase unha lixeira perda de importancia debido ao maior crecemento rexistrado en España. Así o número de pantallas en España creceu sempre a taxas superiores ás galegas, agás nos anos 1996 e 2001 nos que a os incrementos en Galicia superan amplamente aos españoles<sup>59</sup>. Se se observa a evolución destes crecementos, apréciase claramente en todos eles unha tendencia lixeiramente decrecente, máis acentuada en España e Galicia que no total da Unión Europea e Estados Unidos. Isto ten un claro reflexo na evolución do número de pantallas no mundo, con crecementos moi reducidos—mesmo negativos

en 1997— que tenden a achegarse ao crecemento cero.

En poucos anos os cines históricos galegos, seguindo a tendencia xeral iniciada no resto do Estado, foron pechando as súas portas ao público. É o caso do Cine Vigo na cidade olívica, do cine Gónviz, cine Victoria e teatro Malvar en Pontevedra, do cine Capitol, Cine Avenida e Cine Yago en Santiago de Compostela, do Cine Riazor



na Coruña ou dos multicines V e cine Fantasio en Vilagarcía. Con eles non só foron desaparecendo as vellas salas con grandes patios de butacas e unha única pantalla, senón que se produce unha diminución cuantitativa temporal da oferta de salas de exhibición. Ese retroceso, sen embargo, vese paliado coa progresiva apertura de complexos cinematográficos en centros comerciais<sup>60</sup>.

De feito, o número de cines en Galicia descendeu de forma continuada durante os últimos anos, de modo que do ano 1995 ata o ano 2003 desapareceron o 44% dos cines galegos.

<sup>59</sup> Á hora de facer esta comparación é importante considerar que as taxas de crecemento españolas son superiores ás da Unión Europea e mesmo ás dos Estados Unidos.



En España a tendencia é dende 1999 claramente descendente, mentres na Unión Europea é a manterse en torno a un crecemento nulo, con moitas menos oscilacións que no caso de España ou de Galicia

Salas de exhibición cinematográfica en Galicia. Cines e pantallas. 1993-2004.													
	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2004/1993
Cines	81	87	86	82	80	79	68	66	66	64	56	57	-29,63%
Pantallas	105	121	124	151	161	166	155	161	180	193	193	202	92,38%
Pantallas/cine	1,30	1,39	1,44	1,84	2,01	2,10	2,28	2,44	2,77	3,02	3,45	3,54	173,38%

FONTE: Elaboración propia, a partir dos datos do *Estadístico Anual do ICAE e Anuario 2005 de SGAE.*


A principal causa de desaparición das salas de cine está moi relacionada cos problemas da distribución, que se atopa en mans das multinacionais que negocian con grandes grupos de exhibición. Por ese mesmo motivo, en caso de abrir un pequeno cine, tan só son accesibles as películas de distribuidoras como Columbia e Tristar antes de catro meses dende a súa estrea noutros cines comerciais.

Pero ter unha monosala supón tamén ter outros inconvenientes que as fan menos atractivas, rendibles e interesantes que outros locais con varias salas/pantallas, como o chamado hábito sociolóxico de ir ao cine en vez de ir ver unha película en concreto: a audiencia diríxese aos multicines e, se non quedan entradas para a película que pretendía ver, compran billete para outra sala.

**Os cines históricos  
foron pechando as  
súas portas ao público.**

Ademais, dáse tamén un terceiro factor que ten moito que ver co peche de grandes salas. É o encarecemento do chan a través dos impostos urbanos, co que o espazo no que se crea un cine é cada vez máis caro e resulta complicado encher un escenario de trescentas butacas para sacar rendemento.

Ao lado de todos estes casos de cines que desapareceron hai tamén unha serie de salas que souberon adaptarse á vida cultural, cambiando de oficio, pero continuando no mundo da cultura. É o caso do cine Yago en Santiago, hoxe sala de monicreques; do Rosalía na Coruña, centro dinamizador da vida cultural da cidade herculina ou do antigo cine Rosalía de Vigo, hoxe centro cultural Caixanova.



Fronte a esta tendencia xeneralizada de peche das vellas salas, os grandes grupos de exhibición de ámbito estatal fixeron a súa entrada no panorama cinematográfico galego. É o caso de **Lauren Films** que contaba ata finais do 2004 con complexos de cine en Narón (12 salas), Pontevedra (8) e Ourense (8) e agora a súa oferta en Galicia tradúcese en 3 cines, con 28 pantallas de exhibición e 5.440 butacas. En novembro de 2004 o grupo de exhibición cinematográfica Cinebox asinou un acordo con Lauren Exhibición, filial do Grupo Lauren, para a adquisición dos tres complexos cinematográficos que esta última compañía explotaba, en réxime de aluguer, nas localidades galegas de Narón, Ourense e Pontevedra.

Pola súa banda, **Cinebox** conta co complexo de cines da praza Elíptica (Vigo), que foi inaugurado no ano 2000 e está dotado con 8 salas, con 1.218 butacas. Recentemente adquiriulle a Lauren os tres centros galegos (Narón, Pontevedra e Ourense), o que supón dispoñer a día de hoxe de 4 centros, con 36 salas e 6.658 butacas.

A presenza de **Cinesa** en Galicia límitase ao complexo de Área Central, en Santiago de Compostela, conta con sete salas e 1.232 butacas.

**Yelmo Cineplex** é o propietario do complexo Los Rosales na Coruña (13 salas), cines Lugo (8) e Yelmo Cineplex Vigo (10), e mantén contratos de programación con algunhas outras salas. Na actualidade a súa oferta en réxime de propiedade elévase a 3 cines, con 31 pantallas e 5.732 butacas.

**Filmax Entertainment** conta xa co complexo Pontiñas en Lalín de 5 salas e está pendente de inaugurar outro de 11 salas no Porto Centro de Ocio na Coruña.

Xunto a eles, algúns empresarios locais alcanzan certa relevancia en canto a cines, pantallas e butacas no panorama da exhibición cinematográfica galega. Así acontece con **Coruña Films**, que é propietaria de complexos como os multicines Hollywood (Monforte de Lemos) con 3 salas e 639 butacas, multicines Barbanza (Santa Uxía de Ribeira), con 3 salas e 478 butacas, multicines Bergantiños (Carballo), con 5 salas e 1.070 butacas, os multicines Duplex (Ferrol), con 2 pantallas e 269 butacas e os multicines Gran Arousa (Vilagarcía de Arousa), con 7 salas e 1.095 butacas. En total, isto supón 5 cines, dotados de 21 pantallas e 3.892 butacas.

**Cines Galicia** conta con 4 cines en Galicia, todos eles multisala: multicines Equitativa, de 6 pantallas e 730 butacas, e multicines Chaplin, de 4 pantallas e 510 butacas, os dous na Coruña, multicines do Deza, con 5 pantallas e 860 butacas, e multicines ABC, en Pontevedra, de 3 salas e 444 butacas. En conxunto, dispón de 1.268 butacas repartidas en 11 salas.

**Gaper Cines** é propietaria de 3 cines, os dous multisala, un situado en Cangas do Morrazo, con 2 pantallas e 315 butacas, outro en Ribadeo, de 2 salas con 490 butacas, e o terceiro en Viveiro, de 3 pantallas e 635 butacas, o que supón unha oferta de 7 salas con 1.440 butacas.

Finalmente **Novogil** xestiona os multicines do Deza en Lalín, con 5 pantallas e 860 butacas, e os multicines Xunqueira en Cee, con 3 salas e 454 butacas.

As salas de cinema españolas rexistraron unha facturación de 788 millóns de euros no 2003, un 2,3% mais que no 2002, según un informe elaborado pola consultora DBK. A venda de entradas segue a ser a maior fonte de ingresos das empresas exhibidoras (representa en torno ao 81,1%), mentras que os ingresos por servizos de bar, publicidade e outros (ingresos atípicos) supoñen o 18,9% da facturación restante.

No exercicio 2003 había en Galicia 31 empresa dedicadas á exhibición cinematográfica, que facturan entre todas case 7,5 millóns de euros e empregaban a máis de 140 persoas. Pero ademais, as empresas non galegas con salas de exhibición comercial ubicadas en Galicia facturaron nese ano 11,2 millóns de euros e deron emprego a 147 persoas, polo que en total estas actividades supuseron na comunidade galega 18,7 millóns de euros de facturación e un volumen de emprego de 296 traballadores.

Principais magnitudes das empresas de exhibición cinematográfica en Galicia. 2003.				
	Nº de Empresas	Facturación	Resultado	Nº de Empleados
1997	21	6.250.742	738.593	72
2003	31	39.028.910	2.674.607	597
2003/1997	47,62%	524,39%	262,12%	729,17%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Rexistro Mercantil.

Un total de dezaioito salas cinematográficas situadas en vilas e pequenas localidades galegas (seis máis que o pasado ano) acolléronse ás axudas á exhibición que convoca a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Entre as salas subvencionadas pola da Xunta de Galicia están as situadas en Betanzos, Cariño, Sada, Boiro, Foz, O Barco de Valdeorras, A Rúa de Valdeorras, Verín, Xinzo de Limia, Caldas de Reis, Redondela, O Grove, A Cañiza, O Porriño e Marín. A finalidade desta iniciativa da Administración galega

é por un lado, paliar a baixa rendibilidade destas empresas que se sitúan no ámbito rural e evitar a súa desaparición, e por outro, que as xentes que viven lonxe das grandes cidades poidan gozar case da mesma oferta de exhibición cinematográfica de que dispón o público urbano.

Para Miguel Anxo Fernández, resulta paradoxal a convivencia de vilas que contan con dúas pantallas de exhibición (Caldas de Reis, Cangas, Tui, Nigrán...), xunto a outras con poboacións entre 10.000/15.000

**No 2004, o 48.43% da poboación galega carece de cine no seu municipio**

habitantes que aínda carecen de cine comercial (Ordes, As Pontes...). O caso de Viveiro, Pontearreas, Boiro, Ribadeo e, mesmo A Ramallosa tórnase espectacular ao posuír tres ou máis pantallas, que as sitúan moi por baixo da súa rendibilidade. Cecáis o máis salientable sexa o caso de Lalín que, dende finais de 2003, contaba cun complexo de cinco salas no marco dun centro comercial liderado por Eroski e, en pouco tempo, foi testemuña do desembarco doutro complexo de cinco salas noutra grande superficie de comercio e ocio que se levantou non centro da vila, o que baixou a ratio de habitante por pantalla a só 2.070. De feito, en 2004 o 48,43% da poboación galega carece de cine na súa localidade, o que supón o 89,81% dos municipios.


### **3.3.2 Recadación e espectadores das salas de exhibición cinematográfica de Galicia**

As salas de cinema españolas rexistraron unha facturación de 788 millóns de euros no 2003, un 2,3% máis que no 2002, segundo un informe elaborado pola consultora DBK. O informe sinala que nese exercicio, por segundo ano consecutivo, o número de espectadores que acudiu ás salas de exhibición cinematográfica en España reduciuse. En concreto, este retroceso foi do 2,3%, ata os 137,5 millóns. Non obstante, a tendencia de crecemento que vén rexistrando a recadación media por espectador, que se situou en 4,65 euros en 2003, e o aumento dos ingresos obtidos por outros conceptos, contribuíron a soste o crecemento da facturación agregada das empresas do sector. Desta forma, a cifra de negocio total acadou os 788 millóns de euros en 2003, o que supuxo un 2,3% máis que en 2002. Desá cantidade, o 81,1% proveu da venda de entradas. A segunda fonte de ingresos para as salas de cine foi a prestación dos servizos de bar (venda de bebidas, flocos de millo, *snacks* e outros produtos), os cales representaron o 13% do total, seguidos dos ingresos por publicidade (3,6%) e os ingresos por outros conceptos (2,3%). Deste modo, os ingresos distintos á venda de entradas supuxeron en 2003 o 18,9% da facturación das salas de cine.

Segundo un estudo realizado pola axencia Carat, a penetración do medio cine entre os españois descendeu por terceiro ano consecutivo no 2004 ata situarse nun 8,9% da poboación. Durante ese ano o número de cines tamén diminuíu nun 7,8% aínda que, pola contra, o número de pantallas aumentou nun 1,5% o que asenta o protagonismo dos multicines en España. A audiencia dos cines no ano 2004 aumentou nun 1,7%, rompendo coa tendencia decrecente dos dous últimos anos. Aínda así, os hábitos de asistencia a sala son baixos. O perfil dos espectadores que acoden aos cines está composto por homes de clase alta ou media comprendidos entre os 25 e os 34 anos e que posúen estudos superiores. A recadación mantívose estable a pesar do descenso no número de películas estreadas. EE.UU seguiu sendo o país que máis películas estreou e o que obtivo a cifra máis elevada de audiencia cun 69,8% de espectadores. De novo, as películas españolas situáronse en segundo lugar co 13,4% de toda a audiencia.

A recadación nas salas de exhibición cinematográficas de Galicia segue unha tendencia ascendente nos últimos anos, cun crecemento no período 1993-2003 dun 181,2%. De feito, a recadación das salas comerciais de exhibición galegas pasou de 8.756.285,53 euros en 1993 a 24.623.029 unha década despois, o que supón máis que cuadruplicar a recadación en termos correntes. Por provincias, Pontevedra obtén os maiores incrementos no

período sinalado, cun 208,72%, mentres que Ourense mostra tan só un 155,19%. En Lugo e A Coruña, pola súa banda, os crecementos neste período ascenderon ao 193,4% e o 166,13%, respectivamente.



En relación co total do mercado español, cuxa recadación ascendeu no 2003 (último ano dispoñible) a 639.431.184 euros, Galicia supón o 3,85% do recadado en España en salas de exhibición comerciais. Ademais, o crecemento operado no territorio español entre 1993 e 2003 é do 149,9%, moi inferior á media galega do mesmo período (181,2%) e ás porcentaxes de cada unha das provincias<sup>61</sup>.

A distribución provincial da recadación tamén amosa unha forte concentración na Coruña, que absorbe o 46,63% do total. Pontevedra séguela en importancia, co 34,48%. Atendendo á evolución temporal desta distribución, a tendencia que se observa apunta cara a unha progresiva perda da importancia relativa da provincia da Coruña, e o crecemento do peso das outras tres, fundamentalmente Pontevedra. Este cambio na repartición da recadación está moi relacionado coa distribución das salas de exhibición, como se comprobou anteriormente.


O ano 2003 non foi demasiado bo para as salas de cine europeas. Segundo se recolle nun estudo publicado no *European Cinema Journal*, o boletín trimestral que edita Media Salles, o número de entradas vendidas en Europa decreceu nun 4,6% durante o ano 2003, ata os 1.016,3 millóns. Pola súa banda, o número de

salas mantívose estable, en torno ás 31.200. O informe de Media Salles rexistra no ano 2003 un retroceso do número de espectadores do 4,8%, ata os 920,26 millóns, malia concluír que a caída non é alarmante, tendo en conta que dez anos antes ese número era de 690 millóns de espectadores.

En 2003, houbo resultados negativos nos cinco grandes mercados de Europa. Alemaña foi o que sufriu unha maior caída (un 9,1%, ata os 149 millóns de entradas vendidas), seguido por Francia (un 5,6%, ata os 174,1 millóns) e o Reino Unido (un 4,9%, ata os 167,3 millóns). En España e Italia houbo perdas de espectadores máis contidas: do 2,3% no primeiro caso, ata os 137,5 millóns; e do 2,8% no segundo, ata os 109 millóns.

<sup>61</sup> Nestas afirmacións non debe de esquecerse que a magnitude do incremento da recadación se explica polos fortes aumentos que se produciron no número de espectadores e no prezo das entradas.





Os únicos mercados de Europa Occidental nos que aumentou o número de entradas de cine vendidas en 2003 foron Finlandia, Irlanda, Noruega e Holanda. En canto aos trece países do centro e do leste de Europa dos que se ofrecen datos, tamén rexistraron unha perda conxunta de máis de 2,5 millóns de espectadores en 2003, ata os 96 millóns. Neste caso, as variacións por países son moito máis acentuadas que en Europa Occidental.

### O problema da piratería preocupa seriamente aos exhibidores

Entre os anos 1993 e 2003, o número de asistentes ás salas de exhibición de Galicia medra un 70,19%, o que se traduce en 2,3 millóns de novos espectadores. Por provincias, foi en Pontevedra onde máis se incrementou, cun 84,98%, porcentaxe superior á do total autonómico. Pola contra, Ourense experimentou un modesto crecemento de tan só o 56,96% neste mesmo período, pero, en calquera caso, as catro provincias galegas obteñen taxas de crecemento para o intervalo superiores á media española (48,61%).

Do ano 2002 ao ano 2003 o número de espectadores en Galicia aumentou tan só un 0,39%, o que supón 7.514 espectadores en doce meses. Ademais, isto implica un incremento que aínda que escaso, é superior ao español, que se caracteriza por ser de signo negativo (-2,3%) o que indica unha tendencia regresiva na presenza de espectadores nas salas cinematográficas. Pero se o cálculo do incremento da asistencia se circunscribe só aos últimos tres anos, Galicia creceu nun 5,6%, fronte ao 1,5% español. Ademais, as provincias con maiores incrementos son as de Ourense e Pontevedra, con senllos 65,03% e 30,25%. A Coruña e Lugo, pola súa banda, reduciron as súas recadacións nun -8,65 e -14,94%, respectivamente.

Este crecemento obedece, en certa medida, ao incremento experimentado no número de salas de exhibición cinematográfica en Galicia, que, como xa se indicou, foi do 19,8% nos tres últimos anos e, sobre todo, á súa mellor calidade de imaxe e son, polo que resultan máis atractivas para os potenciais demandantes destes servizos. De feito, o aumento na cifra de pantallas de exhibición é debido, na maior parte dos casos, á apertura de novos complexos multipantalla, que presentan unha oferta de títulos e servizos anexos á exhibición (restauración, aparcadoiro, venda anticipada de entradas, etc.). Pero a Federación de Entidades y Empresarios de Cine de España (FEECE) opina ao respecto que se están a producir unha serie de situacións conxunturais que explican a perda de espectadores nestes últimos dous anos e que afectan non só a España, senón, en xeral, a todos os

países europeos. Entre elas a falta de sintonía das producións co mercado, a maior implantación do DVD e do *home cinema* nos fogares, e o envellecemento da poboación, ademais do problema da piratería, que está comezando a preocupar seriamente os exhibidores, ata o punto de que se vai poñer en marcha, en colaboración con distintas entidades, unha campaña de ámbito europeo para que o público (e especialmente os máis novos) tomen conciencia de que a compra de produtos piratas ou a descarga de películas a través de Internet é un delito.

<b>Comparativa das distintas variables relacionadas coa exhibición comercial de Galicia, España e UE. 2003.</b>				
	<b>Galicia</b>	<b>España</b>	<b>UE</b>	<b>USA</b>
Nº de pantallas	193	4.253	26.269	35.786
Nº de cines	56	1.194	10.030	-
Nº de pantallas por cine	3,45	3,56	2,62	-
Recadación	24.623.029	639.431.184	4.985.000	7.513.000.000
Espectadores	5.576.827	137.472.001	877.701.000	1.574.000.000
Recadación per cápita	8,95	14,99	13,50	34,16
Frecuencia anual per cápita	2,10	3,35	2,31	5,46
Precio medio da entrada	4,42	4,65	6,12	4,77

Fonte: ICAA e European Cinema Yearbook

Por outro lado, no período abranguido entre 1993 e 2003, Galicia mantivo polo xeral unhas cifras de asistencia media inferiores aos do Estado español. Así, a máis elevada por provincia logrouse de forma sistemática na Coruña, que no ano 2003 foi de 32.314 espectadores por sala, se ben seguiu unha tendencia un tanto errática por mostrar importantes variacións interanuais nos dous sentidos. Pola contra, Ourense, que mostra a asistencia

### Os datos evidencian o dominio do cine norteamericano

media máis baixa en Galicia (24.833 espectadores/sala), incrementou as súas cifras de forma paulatina durante todo o período ata 1997, ano no que se produciu unha ruptura da tendencia ascendente que se recuperou no ano 2003. Pola súa banda, Lugo viu descender tamén a asistencia media ás salas de exhibición da súa provincia nos últimos anos, e colocouse con 25.018 espectadores, mentres que Pontevedra mantivo certa estabilidade ao longo de todo o período (con 27.528 por sala no ano 2003), aínda que iniciou tamén unha senda descendente. En España a asistencia media alcanza no ano 2003 a cifra de 32.324 espectadores, fronte aos 48.969 de 1993. En definitiva, só A Coruña presenta regularmente cifras de asistencia media por enriba da que corresponde para o total da comunidade galega, e Ourense pola súa parte é a provincia máis afastada da media rexional.

Ao igual que acontece no conxunto do Estado español, tanto o número de títulos estreados, como as cifras de recadación, o número de espectadores por película ou a asistencia media evidencian tamén no caso galego un claro dominio do cine norteamericano.

Segundo datos da Federación de Exhibidores, o prezo medio da entrada de cine sufriu un incremento nos últimos anos por enriba do IPC, se ben o ramo da exhibición relaciónano cos cuantiosos investimentos realizados na construción e mellora de novas pantallas.

#### **3.3.2.1 Os espectadores e a recadación das producións cinematográficas galegas**

As producións cinematográficas emprendidas por empresas galegas correron unha sorte un tanto dispar no mercado español. Fronte a éxitos como *Mar adentro*, *Os luns ó sol*, *A lingua das bolboretas* ou *O bosque animado*, que gozaron dunha boa acollida por parte do público, conviven outras que apenas recibiron apoio do público en canto á asistencia ás salas de exhibición.

O cine con participación galega achegou ás pantallas a 12,6 millóns de espectadores e recaudou, en termos nominais, 55,6 millóns de Euros.

A produción de participación galega con maior número de espectadores e, polo tanto, con maior recadación nas salas de exhibición comerciais foi, ata o momento, *Mar adentro* (2004), dirixida por Alejandro Amenábar e producida por Sogecine y Himenoptero coa participación de Filmanova Invest, que rexistrou ata o momento actual algo máis de 4 millóns de espectadores e case 20 millóns de euros de recadación, se ben a participación galega a moi reducida. Tras ela, *Os luns ó sol* (2002), dirixida por Fernando León de Aranoa coa produción de Mediaproducción, Elías Querejeta, P.C. e a Televisión de Galicia entre outras, que alcanzou a cifra de 2,1 millóns de espectadores e case 9,8 millóns de euros de recadación, e novamente cunha participación galega moi pouco significativa. A seguinte película galega con máis éxito de vendas é *A lingua das bolboretas* (1999), dirixida por José Luis Cuerda e producida por Las Producciones del Escorpión, Sogecine e Grupo Voz, coa colaboración de Canal+ e Televisión de Galicia, que atraeu ós cines case 1,2 millóns de espectadores e recadou 4,6 millóns de euros. A continuación figuran dúas longametraxes de animación: por un lado, *El Cid, a lenda* (2003), que foi dirixida por José Pozo e producida por Castelao Producións nas instalacións de Bren Entertainment, e recadou 2,6 millóns de euros aportados por 560,4 mil espectadores; por outro, *O bosque animado* (2001), a longametraxe de animación en 3 D producida por Dygra Films e dirixida por Manolo Gómez e Ángel de la Cruz, que alcanzou 509 mil espectadores e unha recadación de case 2 millóns de euros.

**O cine con participación galega  
recadou 55,6 millóns € e  
foi visto por 12,6 millóns de  
persoas**


Cabe salientar que *A lingua das bolboretas* foi, ata agora, a película mais vista no contorno rural galego, xa que se proxectou<sup>62</sup> por tódalas comarcas galegas con equipos de proxección de 35 mm, con trescentas cadeiras por equipo, para un total de 120 sesións. Como en moitos lugares o aforo superou amplamente as trescentas persoas previstas por sesión, non resulta arriscado estimar que foron unhas cincuenta mil persoas de pobos sen cinema as que viron esta película dentro do programa Cinema de Noite.

Pero ademais algunhas destas longametraxes foron exhibidas no estranxeiro. É o caso de películas como *Os luns ó sol*, *O bosque animado*, *A lingua das bolboretas*, *Fisterra, onde termina o mundo*, *Cando volvas ó meu lado*, *O misterio Galíndez* ou *El Cid, a lenda*. Segundo datos extraídos da base de datos europea Lumiere, a película que ata o ano 2004 obtivera máis éxitos no ámbito internacional (dende o punto de vista da exhibición en salas comerciais) era *A lingua das bolboretas*, con 616.202 espectadores, fundamentalmente en Francia e Estados Unidos. A certa distancia síguelle *O bosque animado*, con 481.954 espectadores, principalmente nos mercados italiano e francés. *Os luns ó sol* foi vista fóra de España por 296.450 espectadores, na súa maioría de Francia e Italia.

Ademais, *O bosque animado* obtivo un gran resultado en Bélxica, onde se estreou a mediados de outubro de 2003. A estrea da película nese país tivo lugar o 15 de outubro con 26 copias, aínda que previamente se realizaron preestreas en 8 cidades. Ás tres semanas, pola boa acollida por parte do público belga, foi necesario dispoñer de 4 copias máis, polo que se chegou a ter 31 copias en Bélxica e Luxemburgo. A estrea de *O bosque animado* fíxose coincidir coa Semana dos bosques, unha iniciativa que tivo moita repercusión e na que se tomou a película para variar as actividades de promoción relacionadas cos bosques.

<sup>62</sup> A cargo da empresa IB Cinema e dentro do programa Cinema de Noite, da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

**A lingua das bolboretas  
foi ata agora a película  
máis vista no contorno  
rural galego**



Con respecto ó cine galego de animación, salienta que a falta de datos de exhibición de *O soño dunha noite de San Xoán*, estreada o 1 de xullo de 2005, as tras longametraxes galegas producidas hasta o momento foron vistas en España por 1.240.764 espectadores en España cunha recadación de 5.340.925 euros, ao que hai que sumar outros 547.818 no estranxeiro.

### 3.3.3 A exhibición non comercial

Fóra da actividade comercial, o cine, o propio e o alleo, conta con outras canles para chegar ó público.

Por unha parte, Galicia conta con numerosos cineclubs, boa parte deles aglutinados na **Federación de Cineclubes de Galicia**. Como é sabido, o movemento cineclubista é unha invención francesa dos anos vinte, cando se constituíron en Francia as primeiras agrupacións dedicadas á proxección e estudo de películas. Este fenómeno cultural pasou axiña a España, da man de Luis Buñuel que fundou e dirixiu o primeiro cineclub español.

No caso de Galicia, a tradición cineclubista remóntase a mediados do pasado século, aínda que xa na década dos trinta houbo programacións máis ou menos estables nas grandes cidades galegas. O seu obxectivo era achegar

**Existen arredor de 20 cineclubs en Galicia con actividade**

ás pantallas desta comunidade obras que ofrecesen unha mirada cinematográfica máis persoal e afastada das grandes producións *industriais* de Hollywood, unha meta que manteñen viva os actuais cineclubs existentes na nosa comunidade. De todos os xeitos, a historia galega é moito máis recente, xa que non comeza ata 1954 coa fundación do Cineclub Pontevedra, o máis antigo na comunidade, pero son varias as iniciativas ao longo da xeografía galega.

A partir da década dos noventa a situación do cineclubismo galegos comeza a ser problemática, ao entrar decididamente nos hábitos consumistas culturais de finais de século tanto a televisión como o vídeo doméstico. Este declive foi obrigando ás asociacións a depender de subvencións e apoios de todo tipo.

Na actualidade existen en Galicia arredor de vinte cineclubs en plena actividade, situados en diversas cidades e vilas galegas. Os problemas de supervivencia persisten na maior parte deles, especialmente agravados no caso das grandes urbes nas que a oferta cinematográfica é maior, pero, en calquera caso, continúan co seu labor de difusión da oferta de cinema menos comercial.

A Federación de Cineclubes vén proporcionando tamén a outras entidades interesadas desde hai anos servizos de xestión e organización de eventos cinematográficos, tales como ciclos de cinema en 35mm ao aire libre ou en locais pechados, dotados ou non de proxectores.

Por outra parte, recentemente creóuse **Club de Cine**, iniciativa que pretende levar películas de calidade, normalmente restrinxidas ás grandes capitais, a todo o territorio nacional. Inicialmente, os lugares nos que se vai celebrar esta iniciativa na comunidade galega son Vigo (no cine Club Lumiere) e A Coruña (nos cines Los Rosales).

Pero hai outras iniciativas non comerciais, algunhas moi singulares, para a exhibición cinematográfica que están xurdindo nos últimos anos en Galicia.

Así, **IB Cinema** é a maior empresa consagrada ao cine non comercial en Galicia. Conta para iso, na súa nave na Coruña, cunha sala de proxección privada equipada con proxectores de 35 mm e son Dolby Stereo Digital. Ademais, trátase dunha das dúas únicas salas capaces de proxectar con iluminación de xenon e todo tipo de pasos cinematográficos, desde 70 mm ata 8 mm, pasando incluso por 9,5 e súper-16. Está especializada en facer programas de exhibición cinematográfica a domicilio, tanto ao aire libre como en lugares pechados, para o que conta cunha infraestrutura propia de varios camións, proxectores de xenón de hasta 7.000 W, pantallas con soportes telescópicos, cadeiras, etc. Os proxectores de cine desta empresa poden proxectar a varias cadencias, incluso as do cine mudo<sup>63</sup>.

A empresa coruñesa **SI 16-35** leva a cabo ciclos cinematográficos dando o soporte necesario para a súa realización en casas de cultura, fundacións, polideportivos ou ao aire libre. Eles encárganse do aluguer dos equipos necesarios e da preparación do ciclo e, seguindo unha temática concreta, suxiren as películas ou buscan as que se lles soliciten. Do mesmo xeito, **Cinepublik** proxecta cine ao aire libre no vran, ademais de alugar equipos.

O obxectivo do programa **Noites de cine**, que organiza a Deputación da Coruña en colaboración cos distintos concellos adheridos ao proxecto, é achegar a sétima arte a aquelas poboacións que carecen de salas de proxección e crear unha cultura cinematográfica, especialmente entre os máis novos. Para isto, organízanse unha serie de proxeccións en lugares abertos nas localidades coruñesas participantes. Nesta mesma liña, a Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, da consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, programou o ciclo **Cinema de noite** para percorrer tódalas comarcas de Galicia. Este proxecto buscaba a promoción e difusión do cinema galego mediante proxeccións en vilas e pobos que non posúen sala de exhibición estable. Ademais, con esta iniciativa non só se permitía o acceso a este tipo de material dun segmento de público tradicionalmente discriminado, senón que tamén, coa curtametraxe que precedía á proxección da película principal, posibilitábase aos novos creadores do audiovisual galego que a súa obra chegara en correcto formato de cinema a capas de poboación ás que resulta difícil acceder.

Pola súa parte, a **On & Off REDE de Curtas Mr Misto** nace tanto da necesidade de ofertar un cinema diferente ao que chega ás pantallas comerciais, como da posibilidade de difundir traballos de curta duración que, doutro xeito, non terían ningunha saída. Para iso pretende ser unha rede regular de exhibición de pezas de curta duración, onde toda a poboación poida desfrutar dunha programación audiovisual de calidade, ademais de participar activamente na propia rede. On & Off preséntase no sector audiovisual como unha rede internacional (ámbito ibérico na primeira edición, onde concorren só pezas de procedencia española e portuguesa,

<sup>63</sup> I.B. Cinema encárgase da redacción e deseño dos folletos e cartelería dos programas de cine que lle contratan, así como da páxina web.



fundamentalmente) de curtametraxes desenvolvidas integramente na súa primeira edición en Galicia. Realízase unha selección de trinta curtametraxes de ámbito ibérico (España e Portugal) e os participantes optan a diferentes premios e recoñecementos. Non obstante, a maior peculiaridade desta rede reside no seu desenvolvemento, xa que pretende ser un certame realizado ao longo de 6 meses de duración. A través dunha rede de exhibición regular de curtametraxes distribuída por toda a xeografía galega, On & Off \_REDE de Curtas Mr Misto é a escusa perfecta para facer chegar o mundo audiovisual a todo tipo de públicos. No labor pola creación dunha auténtica industria ao redor da curtametraxe, Mr Misto Films aposta pola rendibilización das proxeccións alén dos premios, mediante o pago por dereitos de exhibición a todas as curtametraxes a concurso. É dicir, de cada proxección de cada curtametraxe derivarase unha cantidade económica que via para ás mans do autor/produtor.

### 3.3.4 O cine dixital

O chamado *e-cinema* supón substituír os proxectores de películas fotoquímicas por un tipo de proxección electrónica con calidade similar ao celuloide. O seu funcionamento será moi similar ao actual e, de feito, o espectador apenas notará a diferenza entre unha proxección fotográfica e unha dixital. Pero o cine dixital comporta uns requirimentos básicos para a exhibición como son: calidade análoga ao 35 mm, sistemas estándar e equipos de operación intercambiable, seguridade no transporte e na proxección que garanta o respecto á propiedade intelectual e aos dereitos dos titulares, así como uns custos razoables. Os incentivos gubernamentais deberían favorecer este proceso de introdución gradual da tecnoloxía dixital, especialmente en zonas rurais ou de baixa rendibilidade cinematográfica.

Segundo confirma o *European Year Book 2004* de Media Salles, a cantidade de cines dixitais (con tecnoloxía DLP Cinema) aumenta no vello continente: había 204 con 245 pantallas en xuño de 2004, mentres que, en decembro do mesmo ano, ascenderan a 233 con 291 pantallas. Isto supón un crecemento do 14,2% en só seis meses, que se converte nun 18,8% en canto a cantidade de pantallas.

A Asociación Cine Digital, grazas ao Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía —a través do Programa ArtePyme II—, recibiu unha subvención de case 1 millón de euros para dotar e equipar 75 salas do territorio español coa tecnoloxía necesaria para proxectar cine dixital<sup>64</sup>. A asociación mércalles material ás principais distribuidoras de alta definición do mundo (HDTV). As salas asociadas terán a posibilidade de atraer a diversos sectores da audiencia: películas de autor, películas clásicas españolas, cine independente, comedias, sucesos en vivo de relevancia mundial, teatro, ópera, zarzuela, musicais, ballet, touros, fútbol ou outros encontros deportivos, concertos de rock, documentais HDTV, etc.

Baseándose nesta iniciativa, cines tradicionais situados no centro das cidades ou en vilas, grazas á tecnoloxía e variedade de programación, recuperan o sentido que sempre tiveron: ser o punto de encontro social. Os cines asociados en Galicia son: Cine Duplex (Ferrol), Cine Hermanos Pequenete (Foz), Cine Gesma (Xinzo de Limia), Cine Roxy (O Porriño), Elascine (Ribadeo), Novocine (Leiro) e Cine Avenida (Caldas de Reis). Estas sete salas setá previsto que proxecten películas en alta definición despois do verán en 2005.

<sup>64</sup> Esta tecnoloxía consiste nun proxector de alta resolución 1,3 K cuxa calidade é comparable á resolución das copias de celuloide que actualmente proxectan as salas. Tamén se inclúe un servidor que, a través dunha antena parabólica, recibe os contidos (películas, eventos, etc.) en alta definición HD 1920 x 1080. Estes contidos viaxan codificados en Mpeg2, encriptados e sumados a outras daves secretas, facendo imposible a piratería, tema preocupante e prioritario para as *majors* de Hollywood. Este servidor, durha simplicidade de manexo inusitada, almacena, xestiona e descodifica ata 10 películas en simultáneo.